


2 / SETEMBRO DO 2004 • NÚMERO 530

rdL

REVISTA
DAS
LETRAS



Coordinación: A.R. López e Soledade Noia.
Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo. Fotografía: Xabier Cordal. Corrección: M. Gómez. E-mail: xabier.cordal@galicia-hoxe.com

COMBUSTIBLE FÓSIL. Xabier Cordal

Xabier Cordal (A Coruña, 1965) foi un dos renovadores da poesía galega dos anos oitenta con Ronseltz, colectivo que puxo a ironía no lugar onde outros dos seus coetáneos poñían o alampo sublime. Os logros de Ronseltz –e da propia poesía de Cordal– non serían sen embargo comprendidos ata unha década despois, cando Positivas publica (1994) ‘Unicornio de cenorias que cabalgas o sábado’, probablemente unha das grandes achegas poéticas dos últimos anos. A partir de Ronseltz, desenvolve un intenso labor en solitario como colaborador xornalístico, narrador e poeta, labor que se reflicte nos seus habituais artigos para Vieiros ou A Trabe de Ouro, nos contos espallados por distintas publicacións (en especial Revista das Letras) e en poemarios que puxeron a súa palabra no difícil equilibrio da realidade desbordada e a utopía implacable. Libros como ‘A vella penreira a noite’, ‘Afásia’, ‘Arianrod’ ou ‘Fruto de teixo’ que debuxan a traxectoria dun home intranquilo e ó mesmo tempo de poderosos principios. As Redes Escarlata –proxecto no que colabora desde a súa creación e no que coordina a Lista Republicana– é outro dos ámbitos onde Cordal afianzou o seu activismo, resultado nel dunha fusión perfecta entre a emoción, a literatura e o anceio político. O ‘Xuro que nunca volverei pasar fame’ que as Redes publicaron o ano pasado ou as intervencións poéticas deste colectivo en distintos espazos do país amosan tamén outra das súas actividades más recoñecidas: o contacto directo co espectador, faceta na que logrou un dos seus maiores éxitos públicos, froito dunha eficaz posta en escena e dunha habilidade –o dominio oral da retranca– que converten a Cordal nun home difficilmente clasificable e nun creador tocado pola maxia da lucidez.



rdl | 3
Galicia Hoxe, 02/09/04

O home intranquilo



“As fronteiras entre o poema e o relato son aínda más febles que entre aquilo que se supón literario e non o é. Cando Bush escribiu aquel emocionante poema á súa muller empezaba afirmando que as rosas son rubias e as violetas azuis. Iso é narrativa ou é poesía? (podemos chegar ao consenso provisional de que non é ensaio). Os grandes poemas da cultura occidental, agás a obra de poetas menores como Bush ou Aznar, son narrativos. E vin en moi poucos textos poéticos a profundidade coa que Rulfo transmite a idea de desolación. Supонse que Rulfo escribe narrativa e supонse que Whitman escribe poesía, pero tales suposicións apenas serven para os andeis das librarías, nos que, por certo, a ausencia dos grandes narradores e narradoras en galego segue sendo insultante”. “Actualmente, o único principio vixente é o capital, así que a escrita soe escoller dous caminos: ou trata de vender moitos libros, para o cal é preciso con frecuencia vender outras cousas, ou dedícanse a decorar con palabras idiotas aos espazos que o capitalismo xa non se molesta en colonizar. Hai outros camiños e entre nós quero crer que cada vez ten menos prestixio o segundo. A literatura en galego ofrece autores magníficos desde o XIX. Ensí-nasenos a desprezar o escrito en galego e custa desprenderse de sa intoxicación. Se Saramago publicase aquí todo o mundo diría que escribe lento e insufrible, e se Paulo Coelho fose da Fonsagrada chamaríanlle pailán”. “Na narrativa, o termo experimentación quedou esgotado nos setenta. Se existe, xa non se chama así”.

Hai unha dominicana e moitas moscas. A televisión non deixa de cuspir imaxes de sangue e violencia. Un home encontra nos informativos un algoritmo para prever o futuro e a atmósfera, densa e suarenta, fai aventar que hai un no de retorcemento nas frases e no deambular cansino que envolve os personaxes.

Combustible fósil

Varremos centos de moscas negras pola mañá. Cun toque de pulso no recoller a dominicana sólitas no cubo verde e retira o pé para pechar a tapa. Se lle falase, diría: "Ninguén se pregunta de onde saen as moscas". Ela encollería os ombros. Faino ao pasar cerca da tele. "Por Deus, por Deus, nenos sangrando e tiros. O día todo...". Suspira e entrechoca os pratos.

Almorzo diante da televisión. Un inxenuo pagaría as cadeas de noticias de vinte e catro horas. Escribiría nun cadero e faría predicións. As miñas ventás estiveron pechadas o día e a noite. Non necesito máis, para saber non necesito nada.

Veu visitarme o tío da aldea. Trouxo touciño e as dúas bolsas conxeladas de plástico. "Onde o poño?", preguntou a dominicana. Acostuma preguntar o mesmo e eu sempre lle respondo o mesmo. O tío anóxalle os ollos de arriba a abaxo. "Que paciencia", díme cando ela se vai. Chanta un Fleur de Savane no morro e busca lume polo peto da camisa. "O arcón e a lavadora, que cousa boa". Repara sen interese nos restos do xantar. E na pantalla muda.

Pouco se molesta en ocultar ao que anda cando vén á cidade. Ás veces é ao vir e outras de volta. "Pola tarde chaman, teno listo", observei co índice. "Estás delgado", farfallou el, co cigarro nos dentes, "áinda encamas". Sopei fino curvando os bezíos. Revolvín o café. "Pois éche o que hai. Os homes non sabemos nin quitar as tazas do al-

morzo da mesa. Se non é a moreniña, tes vinte cacharros coa costra no verde-deiro". "Como ben", murmurei. "Unha gota de herbas?". O tío alzou a palma coma quen que non. Esperou. "Marcho", dixo. Deu a volta e xirou de novo sobre si. Esperou aínda. "E sabes onde traballou antes?", insinuou, acenando co ombro. "E ti?". Sentín fumegar o café no queixo. "Veña. Acaba a dixición". O tío fixo tremer as copas do armario cando pechou a porta.

Sei as cousas que van pasar. Comezou hai meses, cando ela faleceu. Foi de repente, a claridade. Só atendo aos telexornais para confirmar o que xa sei. A gran guerra polo petróleo, o atentado de San Francisco. Conseguíronme unha de plasma, das caras.

Os mércores saio á praza para traer a compra. Este verán era obvio que a xente falaría das moscas. Describen as ducias de moscas que entran nada más ventilas o cuarto, as que atacan en bandos as faragullas e colonizan os iogures abertos ata escurecelos, cómo basta unha lostregada co trapo para matalas de sete en sete. E a teima coa superficie radiante da televisión. Ningún pregunta de onde veñen as moscas. Das larvas que non se ven. Non me interesa o pasado, nin o que acontece fóra, as persoas que vagan en coche a un lado e a outro. Eu vin os muros de Palestina na pupila da idiota que narraba o seu adulterio no programa da sobremesa, vin o terremoto de Andra Pradesh a noite anterior, durante un

documental sobre osos polares. Abón-dame manter a ollada fixa fronte á televisión e despois tornar as pálpebras.

Notei a vibración do teléfono na perna. Incorporeime. Perdera tres ou ca-tro horas, se cadra adormecín. "Si". A dominicana entrou na sala. O climati-zador estaba apagado. Repetín un xes-to para que o prendese. "Si, supoñe-mos que agora contra as oito". Na pan-talla había un ancián vestido de cosa-co, bailando. Caía de cu e a xente ríase. "O que pide non está ao noso alcance". "Non, non se trata só diso". "Mellor, mell... Si... mellor fale con el. Chámalo el". "De acordo".

Ao levantar a vista estaba meu tío sostendo unha bolsa de conxelados do Carrefour. A carón del unha nena moi roxiña, as pernas pálidas. Con lentes azuis deses da feira e un pareo. El sen-tou no sofá e ela no brazo do sofá.

-Non oíñ que entrabas.

Ofrecinlle unha cervexa. Quixo. As súas fazulas arrubiaran do sol. Levaba as luces postas e falaba de máis. Contoume que estivera paseando. "Coa bolsa?". "E logo?". A temperatura vol-vérase desagradable. "Pois moi ben. Que vaia dar outro paseo", suxerín. Co-lleuna suave pola cadeira e aplaudiulle na coxa, tas, cando se ergueu. "No Cu-ritiba, ás oito". "Ás oito e media", pre-cisei.

A dominicana traía dous vasos altos de cervexa e uns petiscos, viña esco-rrrentando as moscas co dorso da man. A roxiña despediuse, talogo. Ela non

respondeu. Por vez primeira en varias semanas foi quen de ir á cociña en si-lencio. Escoitámola abrir o arcón, sa-car da bolsa de conxelados aquel coio negro e húmido e pechalo dunha pan-cada. "Vaial!", murmurou o meu tío.

"Tes unha chamada ás oito", díxe-nlle. Refregou as estreliñas de sude das tempas. "E que facemos, daquí a aló?".

A cervexa marcara o paso dos minu-tos con círculos de escuma branca. Es-taba caldosa, quecería dentro. Meu tío bocejava e despreguizábase coma un animaliño de cando en vez. "Oooi, que carallo", dicía. Collín o mando a distan-cia e premín o teletexto. Remoía un mazacote de millo torrado, apenas da-ba entendido as palabras. "O caso é que na cidade non hai vacas nin bichos podres e tedes más moscas ca en Fra-mil. Como é iso? Aquí non tiña que ha-ber unha puta mosca".

O móbil remexeu-se nervioso no cris-tal da mesa. "Contesta ti", díxenlle. Alongouse e púxoo na orella. Agardou uns intres para tragiar. "Si". "Dígame". "Estou, estou ao tanto". "Perfecta-mente, plastificado en dobre capa". "En ningún momento". "Non: dema-siado lío; para nós e para quen nos faci-lita....". "O tamaño pequeno que pide? Imposible". "Como?". "Escoite... Non, escoite: neses sitios farán o que quei-ran. Aquí imposible". "Para nós, claro. Interésalle o que hai ou non?". "De acuerdo". "De acuerdo". Colgou e arre-bolouno no sofá.



-Boh. Irás tomar...

Distinguimos pegadas lentas no co
rredor. A dominicana cruzou a porta da
sala cos dedos enlazados encima do
ventre. Semellaba preocupada. "Iso
que dicías era moi agudo", vireime. "O
que?", dixo meu tío. "O das moscas. As
moscas nacen de larvas". "E a ti píca-
che algo?", dirixiuse a ela. Esforzábbase
en desviar o rostro, en ignoralo mien-
tres se encamiñaba cara a min. "Se-
ñor", seguiu en liña recta ata pararse.
"Señor, a bolsa escorría". Apaguei o
teléfono. Apareceron uns globiños de
cores. Esvaeceran as letras e a pantalla
quedou morta. "Escorría sangue, pare-
cía sangue". Subín a voz da televisión.
A cabeza do tío torceuse amodo. Ato-
pámonos a fite.

"Tes móbil?", pregunteille. "Non,
señor", dixo ela. "É que este vai sen ba-
tería", díxelle. Comezou a música de-
testable do anuncio de Maurice-La-
croix. Foi entón cando me dei conta de
que a guerra estalaría axiña en Vene-
zuela e que o barril de Brent ía chegar
aos sesenta dólares. O panorama com-
plicábase. Subín áinda o volume da te-
le. O meu tío enganchou a dominicana
e tapoulle a boca dun golpe seco. Des-
pois rompeulle o pescozo.

Larguei rápido para a cociña. No ver-
tedoiro escorregaba o envoltorio de
plástico. Algúns fíos escuros tinguían a
baeta amarela. Limpei todo, frotei o
chan con auga e amoniaco e metín o fí-
gado no arcón. Volví para a sala con
dous caldeiros, bolsas de conxelación,

guantes, un funil e gomas das de chu-
pa a gasolina.

Meu tío despregara a cama do arma-
rio do comedor e tiña rasgados polo
medio uns sacos industriais de varre-
dura, para non manchar. Puxera o cor-
po espido dela enriba. "Traías os bisturís?", pregunteille. Asentiu. Tirou do
peto interior da americana unha caixi-
ña plana e transparente. Voltei á cociña
por xornais e espalleinos ao redor da
zona de traballo. Percibíase xa o fres-
quiño do climatizador. "Estará en con-
dicións?", dixen. Respondeume que si.
Ladeámola unha migia. Coloquei o funil
no costado derecho antes da primeira
incisión á altura do ilíaco.

"Ao final mercaches a calefacción de
gasóleo?". "Para setembro", rosmou
meu tío. "E déixame das túas manías.
Amañamos o tema este e dou chegado
a cear". Botou unha calada ao puro.
Tumbara na cama a foto da voda e ser-
víalle de cinseiro. "Alá ti", dixen.

Revoábanos unha nube de moscas
igual ca as gaivotas rondan os barcos.
Outras axexaban atrás, á calor da tele-
visión. O líquido brotaba espeso e pou-
saba sen ruído no balde. Soaba a sinto-
ría do telexornal. As oito e media.
-Coñecíala? -pregunteille.
-Home, claro.



9 / SETEMBRO DE 2004 - NÚMERO 531

rdL


REVISTA
DAS
LETRAS



NANAI. Camilo Franco

2 | **r_dl**

Galicia Hoxe, 09/09/04



Escritor, crítico de teatro e xornalista: provocador e irónico, cando a ironía é medio de interpretación ou “lírica do porvir”, en expresión que lle gustaría ver cuñada. O certo é que Camilo Franco (Ourense, 1963) non é escritor de método, constante, anque posúa outra fórmula para volver sobre esa realidade que ve “desaparecida no combate”. E fala, extensamente, de tres ecuacións sinónimas: (Observación+decantación+escrita) (vivir+recordar+escrita) (Realidade+memoria+escrita), onde memoria sería esa variable (ou ferramenta) da que maman as letras: literatura que ve cunha “función de esclarecemento”. “E más agora, cando a realidade é sospeitosa e complicada de entender”, engade. Autor de relatos breves como ‘A lúa e o céntit e outros textos’ (Edicións do Castro), ‘En Malos Pasos’ (Xerais) ou ‘Por conto alleo’ (Galaxia), que naceu logo dunha experiencia literaria interactiva cos lectores na web de Vieiros, Camilo Franco ten claro que “escribir novelas é unha perda de tempo, un esforzo inútil e defasado”; que, en relación coa tradición contista do país, “desprezamos o que temos e non queremos aceptar o que somos” ou que “é unha puta mentira que a literatura galega non se poi-

Animal colectivo

da construír sen novelas”. Convencido de que o Shakespeare de hoxe é Kubrick, de que a especie humana non está preparada para pensar, de que o límite da incerteza se ampliou moito dende o século XX ou de que as relixións son coartadas para convencernos de que somos destinatarios do que existe, queda o autor coa realidade que non é obvia: co espazo que queda entre a realidade e a ficción. Recorda a Calvino ou a Cortázar, tamén a Blanco Amor ou Celso Emilio Ferreiro, e asenta: “ó mesmo tempo que soñamos somos soñados por outros, pero para jodernos”. Queda Franco, por irónico que sexa, cunha cita de Marx na que cre en firme: “a cada quien segundo as súas necesidades e de cada quien segundo as súas facultades”. Queda entoando o mea culpa, como país e colectivo, cando radiografa a “Galicia do posfranquismo” trala que, de seguido, detecta “a falta de madurez da sociedade” e apela á necesidade da literatura de denuncia política. Queda contra o capital e a democracia cristiá. Queda coa realidade que non é obvia. E escribe en ‘Nanai’, a súa última entrega: “que non lle falen máis da felicidade, que a felicidade do estreñido é cagar”. [Foto páx. 2: Vicky García]

“Algun novelista debe ser consciente de que fai arqueoloxía”. “A poesía vaise transformar” “Os poetas que non se dean conta de que a lírica non sostén a poesía, sufrirán”. “Non se chega á realidade pola estética”. “En Galicia hai lírica autista, inmerso no propio ego do poeta”. “Salvo para follar non me gusta retrasarme en nada”. “A obxectividade non existe, pode existir unha certa coherencia na subxectividade”. “O problema da ficción é que está por todas as partes”. “As grandes historias cóntanse hoxe no cine”. “A ironía leva a sinalar o paradoxo: logo de cinco mil millóns de anos de civilización seguimos esquecendo que somos animais”. “Cada vez que vexo unha igrexa, vexo os dezmos que houbo pagar”. “O descubrimento da dereita dos últimos anos é a linguaxe da esquerda”. “A literatura ten a función de recolocar a linguaxe, hoxe perversa”. “A esquerda en Europa deixouse abducir pola mensaxe do capital e séntese culpable de facer políticas de dereitas”. “Se quen ten talento non o usa en favor do colectivo é un caborón”. “O sistema impide a achega: Galicia é un país de talentos, de talentos non exhibidos”



Dobran as campás sobre a uralita da cidade nova e o ritmo minora nas galerías e nos soportais como un tren que chega ao seu destino. É o comezo dunha derrota anunciada por máis alerta que permaneza o sentinela, coa súa lampadiña posta como un faro microscópico para vixilar polo occidente. Despídense as badaladas de ti, dos camaradas, do teu pobo, que é só meu. Marchas á longa viaxe da noite, que só é suave nos libros. Contra o fondo da paisaxe van nacendo un millón de farolas que non dan vida a ningún ou que viven en permanente melancolía clientelar: cada unha ten o seu territorio e o resto non é negocio da súa aura.

O primeiro intento de retiro ten lugar case á mesma hora na que todo o mundo se rendeu. As batallas perdidas, a superstición e a orde, que ao cabo son a mesma guerra de bos contra malos. De imposibles contra possibles; do desexo contra a realidade. De pechar os ollos e durmir sen soños que é como vivir sen fantasia. Comezan as voltas concéntricas arredor dos móbiles, dos electrodomésticos, da historia vivida, e o medo animal, intuitivo e cer-

Nanai

Camilo Franco



teiro, a que todo o que é amable durante o día sexa hostil ao marchar a luz. A marxe estrítase como nos malos negócios e chega o tempo de preguntar polos dereitos humanos e pola hora sindical do sono. Polo decreto que garanta o momento xusto no que debe presentarse o peso das pálebras. Afiliárame a ese sindicato ou a calquera outro que rompese a vixilia e a súa correspondente resignación católica. Coas primeiras voltas concéntricas chegan as segundas preguntas: Consiste a democracia cristiana en que cada quen escolle ao deus que lle sae das listas? Pero as preguntas quedan sen resposta ou con resposta dubidosa. Porque non. Porque a democracia cristiana non é iso, senón o forro xenital de certa dereita con remorsos que non se quitan coa proba de algodón do confesionario. As preguntas transírmanse en anuncios da tele, inevitables e recortadas. Por que o conflicto basco é basco se os españoles teñen algo que decir? Chamamos realidade á simplificación xornalística dos sucesos? Debería mercar un lavavaixelas para abrillantar o universo? Por que chamamos azar á sucesión de feitos dos que descoñecemos as causas?

No é desesperación o que queda cando comprobas que todo o mundo fuxiu como se algúen tivese tocado retirada na corneta de ordes e non houbase ningún xeneral Custer para resistir. Comprobas as nubes de po que deixas no teu consciente tanta fuxida. Unha voz di, exculpatoria, é o que procedía actuando con sensatez, pero non te deixamos só a man tenta, é unha consecuencia da desordre de toda retirada. Dicho e non hai pegadas de vergüenza toureira na explicación. Retiráronse porque tocaba, porque está escrito nun guión sen autores, porque a globalización manda que ás once na cama e todo o mundo acepta: retirada, retirada, retirada. Dío porque fuxir a tempo é como gañar algo, pero unha retirada a tempo non é máis ca unha derrota anticipada. Triste rendición incondicional. A moitedume marchou en grupos que viran á dereita e se perden no horizonte do capitalismo. Quedo só no campo desarborado da noite tratando de firmar un armisticio pero non hai interlocutores. Non está nin esa xente que chama polas portas para falar da felicidade e para nos convencer de que existe con todo tipo de argumentos sobre autosuperación e días solleiros. Falan de resignación e batallas gañadas no medio de guerras perdidas ata que un se farta e pide, amablemente, que non lle falen máis da felicidade, que a felicidade do estreñido é cagar.

A tal hora da retirada percibes que unha parte da realidade é como a néboa. Érguese. Desaparece a realidade construída, desaparece todo como un muro de contención levado polo peso da auga. Nada queda de abril a tal hora, ou quedan os relembrós que son como nada enfrentados ás riadas dos tempo. E non é raro o derrube porque as columnas son de cartón pedra e quedan brandas coa humidade. Tanta armazón cultural, tanto tempo



traballando a autoestima, os escudos, a razón, tanto tentar gañar distancia sobre os feitos para que, ao final, acabes derretido cando unha muller, calquera, nin sequera unha que pague a pena, che diga que tes a polla máis saborosa do mundo. Aínda que non sexa certo. Aínda que o saibas.

Despois chegan as respostas. Algunhas traerán os virus da intranquilidade. Que é imposible que un conflito teña só unha parte porque dín os casteláns que doux non discuten se un non quere. Logo resulta que a realidade non existe, porque é tan complexa que ningún quere coñecela enteira. Porque querer coñecela enteira é como sinalar as propias limitacións para entender. Por iso non deberías mercar un lavavaixelas, porque para un que es na casa e comes sempre fóra é un luxo superfluo ter un electrodoméstico así. Mellor sería un televisor de plasma, que polo menos descansan os ollos. O plasma, é ben sabido, depende do azar. Se non che toca a man dereita da sorte non podes mercar un bicho deses que colgan das paredes coa mesma sensación de ingratidez que os collóns dalgúns cabalos escultóricos. Pero o azar non existe. Nihil est sine ratione. O asunto importante é coñecer as causas.

A causa é que es mal soldado e na túa covarde rebeldía xogas partidas mentais contra ti mesmo e perdes porque sempre hai un cabalo para matar unha sota. E mátaas sen baixar da burra, golpeando inmisericorde co basto ata romper a cabeza, o corpo e as extremidades da puta de copas. Ou a lances coa espada ata facela sangrar polos costados como unha visión sagrada: sangrar un sangue color naipe transparente. Volven as dúbidas e pensas se a baralla será monárquica ou republicana. E será monárquica porque ten reis aínda que non teña raíñas, nin príncipes, nin queridas que nalgún tempo foron actrices ou cupletistas ou saíron nas revistas con pezóns morbosos pero ergueitos. Que só quedan os reis. Pero será republicana porque o as mata ao rei e o as é un símbolo civil, abstracto e non se pode asegurar que democrático porque ninguén sabe de onde ven o seu poder. A túa parte feminina advierte de que tamén é un símbolo fálico, pero non lle fas caso porque, ao cabo, nin sequera chega ao 25% de ti mesmo. A baralla será republicana porque ata os tres mata ao rei e xa non se pode caer máis baixo. Un monarca morto por un triste subalterno, igual que cando queres falar cun conselleiro,

pero só te atende o delegado provincial. É mágoa que o rei non poida vivir, pero quem vive?

Non hai soños e comezas a desfilar cos ollos en alto, marcando o paso sobre as fiestras que, ao lonxe, tiriran azuis na noite. Algunha delas permanece viva, iluminando un espazo de noite que nin a policía nin os satélites conseguem identificar. Mirase unha luz lene na distancia, pero non se aprecia movemento. Terrible que sexa o esquecemento o que provoca a luz prendida das cousas. Terrible porque te apaga a solidariedade de pensar que é outra alma en pena contra a noite sen branco sostén e que, nalgún momento da vida que espera, poderíades montar unha santa compañía civil, descrida, como unha equipa de fútbol de pantalóns longos. Ou montar un cinefórum para chegar a saber se Coppola sabía o que facía mentres rodaba Apocalypse Now. Pero non hai movemento porque ningún o demostra andando. Terrible dilapidación: deixar a lámpada acesa. Ou quizais terrible medo á escuridáde. Como se a infancia non acabase nunca. E non acaba. A xuventude pasa e, podemos dicir que a infancia permanece. Queda a peor parte. Marchan as ganas de xogar e quedan os medos residentes: mercan un chalé acaroadó ás cousas que esperabas e acaban por traspasarlle a humidade de goteira mal curada. Eles si que xogan. Fannos sobresaltar á comba e quizais por iso quedan as luces prendidas: para non percorrer os tres metros cumpridos que separan o interruptor da porta do cuarto. Aparece a espiral do humano, pero decidio ser covarde e non asomarme ao Maelstrom. Que se aventuren eles no descenso mentres tento pór en desorde tanta educación mal curada. Na infancia da educación había lombrigas e agora non se sabe que foi delas. A solitaria morreu de melancolía, tanta escuridáde, falta de ollos para a luz de Nápolies.

Fago como case todo o mundo. Cando veñen mal dadas miro cara a outro lado. E non vexo nada, claro. Esa é a cuestión: pór os ollos onde non hai nada que ver. É o bonito das contradiccións: que arrousan consigo algúns topos poéticos, aínda que sobre a renuncia dos ollos se cruce a rebeldía dos sons. Algunhas persianas caén co ruído de levantar un muro entre o universal e o íntimo: a intimidade bendiga cada recuncho desta casa. E aínda por veces, porque falla a mecánica dos obxectos, escapan tres marcas de luz da parte alta como se

non fose posible illarse de todo, como se a condición do animal fose inevitablemente gregaria.

A vida é unha tómbola e a ti tocouse farmacia de garda anunciando perritos piloto a todas horas. Con bufanda, con gorro de barón roxo e outro, e outro, e outro perro piloto. A vida é unha tómbola na que tes que asegurar que a gorxa aguante para os berros e os murmurios. É unha tómbola e a xente achégase ao mostrador pensando que lle vai tocar calquera cousa boa: unha casa con piscina, un príncipe encantado, unha pastilla para o priapismo ou unha viaxe arredor do mundo acompañando á momia de Lenin na súa última viaxe apostólica contra os novos tsares. Pero nada diso. Sempre che toca o mesmo, un papel que di que non tiveches sorte desta volta, proba de novo. E probas de novo porque a esperanza é o único que non se perde ou porque fuches educado na cristianísima semente de que a esperanza sucede á fe e precede á caridade. E probas de novo. E probas de novo. Anúnciase un repartimento de perros pilotos, pero só chegan papeis que, como os extractos bancarios, constatan que o presente é ruinoso pero o mes que vén melloraremos. Unha voz de película de medo insiste no ouvido: libérate me, libérate me.

Pasa unha moto arrastrando o consolo de pensar que a manexa alguém a quem coñeciches. A quien saudaches nun paso de cebra nun día sen casco ou con quen te cruzaches baixo as sombras da alameda. Aparecen as imaxes de accidentes que non padeciches. A crónica sensación de perigo e a paradoxica relación entre o tempo e o espazo nos tres segundos anteriores a que a chapa dun automóbil se arrugue contra a chapa doutro automóbil.

Dáslle voltas cada noite e nunca chegas a saber que é más importante se o tempo ou o espazo. O accidente, en realidade, prodúcese cando hai dous

coches tentando ocupar o mesmo espazo ao mesmo tempo (e na mesma dimensión, engadiría un científico). Cal das dúas variables hai que cambiar para evitálos. As campañas contra os accidentes están destinadas a combater unha consecuencia do cruzamento entre o tempo e o espacio, unha fila híbrida pero sedutora: a velocidade. Mais espaceo en menos tempo. Combaten a consecuencia pero nunca buscan a auténtica orixe do problema: o espacio e o tempo. Sobra espazo e falta tempo.


Madruga un autobús alumendo cos faros a distribución dun mundo fabril. A xigantesca organización do caos na que alguén baleira andeis inmensos para colocar pezas nun camión como din que os machos depositan seme no interior das femias. Logo, o camión viaxa, quizais de noite, ata meterse na adega dun barco que cruzará o mar coas tormentas e cos petroleiros monocasco que perden chapapote ata tinxir de negro as costas. O día de arribada o barco baleirarase coa mesma ansiedade de coa que paren as nais e os camións volverán facer as súas rutas, quizais de noite, ata chegar á porta do teu posto de traballo. E outra vez encher baldas que logo volverás baleirar para que os obxectos viaxen casa por casa ata quedar definitivamente esquecidos. Parafuso sen fin que cre manter o ritmo no espazo e no tempo. Semella que o movemento se inventou só para evitar o risco de pararnos o porque alguén deixou escrito no costume que os cativos dormen mellor se os arrollan e desde ese momento o feliz é non deterse e así nada se detén, como o mar que recomeza, como as débedas que nunca acaban. Co movemento, anúnciase no fondo do estómago un bocexo e, coa mesma, vai subindo polo corpo unha moi lixeira idea da felicidade, escalando territorio como un ciclista fóra de tempo pero orgulloso, asomando tímidamente as debutantes por entre os tentáculos cariñosos desta tortura do insomnio.



16 / SETEMBRO - 2016 - WWW.RDL.ES

rdL

REVISTA
DAS
LETRES



AVELINO POUSA ANTELO *Memoria do século*

Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.

Diseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo. Fotografía: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-hoxe.com



Avelino Pouso Antelo, no seu estudio da casa de Teo, por Ramón Escuredo, autor da foto de portada deste monográfico.

Avelino Pousa Antelo, unha das figuras vivas do galeguismo histórico, recibirá o día 18 unha homenaxe da Asociación de Escritores de Galicia (AELG) en Bonaval, Compostela, a cidade á que el estivo unido durante toda a súa vida. Pousa Antelo, nacionalista, cristián e de centro, como el mesmo se define, abre deste xeito as homenaxes dos escritores 'Ós Bos e xenerosos' e Revista das Letras, con este monográfico, apontoa a figura dun home que, ós seus 90 anos, é a memoria viva dun século de galeguismo.

Pousa Antelo

Bo e xeneroso

Déronlle paus por todas as partes: desde a esquerda e desde a dereita. Pero iso non o fixo cambiar en ningún momento de posicións: nacionalista, de centro e cristián. E desde esta perspectiva, Avelino Pousa Antelo converteuse en testemuño vivo do século XX, disposto claro está a dar aínda moito de si neste XXI que comeza e o que el chega –pleno de facultades– con noventa anos.

A súa é unha traxectoria en segundo plano, uns pasos atrás de personaxes con más repercusión institucional e pública como Francisco Fernández del Riego, Ramón Piñeiro ou García-Sabell, en liña con históricos como Xaquín Lourenzo, Antonio Fragas, Vicente Viqueira ou, desde a perspectiva do propio Pousa Antelo, dos sempre polémicos Xosé Filgueira Valverde e Fernández Albor. Sen embargo, todo hai que recoñecelo, a figura de don Avelino tivo –e ten– un recoñecemento que outros moitos –el subliña entre eles os xenetistas Gallastegui e Xosé Luís Blanco ou o profesor Xosé Toba– nunca recibiron.

Ese segundo plano deulle, en compensación, una perspectiva ampla e a perspectiva permitelle agora opinar libremente sobre contemporáneos e compañeiros de fatiga, sobre momentos históricos e proxectos de futuro, porque a pesar dos seus noventa anos e dunha assumida vocación "de perdedor", Avelino Pousa Antelo é capaz de seguir ideando Galicia coa mesma claridade da súa xuventude e cos pulos de vivir neste momento un país moi más achegado ó que el soñaba en 1936.

O de "perdedor" asímeo sen traumas e, de feito, nalgún momento pensou en titular *Memorias do perdedor* a súa autobiografía porque "perdín muitas cousas", asegura sen remorsos, co estoicismo do campesiño que é e está afeto a ver arruinarse as colleitas por unha saraiba, pola chuvia a cachón ou pola seca degolada. "Nos anos trinta sabía que con prontitude sacaría un bo posto nas oposicións de Maxisterio, porque contaba cunha boa formación intelectual para iso. Cría que axiña tería unha escola no concello de Santiago e aspiraba a ser logo inspector. Traballaría no Partido Galeguista que me drabía con tanto éxito na Segunda República; de seguro que contaría cun lugar nunha candidatura e sería parlamentario daquela roubada primeira Galicia autogobernada. Coa malfadada guerra civil todo iso veu a abaixo, e perdín a posibilidade de desenvolver toda aquela forza xuvenil a prol do ideario pedagóxico, agrarista e nacionalista. Tiven que estar tamén como soldado nunha contenda, e no medio dos vencedores, cando eu era dos vencidos. Sendo dos perdedores, condenóuseme a loitar á beira dos gañadores, mesmo non atinando nun in-



tento de fuxida. Perdín logo outras pequenas batalhas; o remate da experiencia da Escola de Barreiros e o conseguinte afastamento do meu protector, Antonio Fernández. Coas luces e sombras descriptas sobreveu a marcha a Canarias. Perdín tamén nas empresas agrarias lucenses e zaragozanas, que tiven que deixar en situacións de desalento. Perdín despois co renacer do novo Partido Galeguista, onde houbo trampas raposeirás por parte dalgúns que consideraba amigos fieis e desqualificacións contra a miña persoa desde a dirección do PG, que a mais me custou cartos. Perdín no intento de transformar Feiraco nunha cooperativa modeléca; perdín eleccións ás que concorría como candidato a senador, a deputado" ('Conversas con Avelino Pousa Antelo', de Amancio Liñares. Ed. do Castro).

Foron moitas perdas que Pousa Antelo relata co estoicismo do labrego que é, afeto a contemplar cómo as saraibas, as chuvias ou un sol degolado destrozan as colleitas. E como un labrego, que non renuncia á súa semente, el continúa fiel ó proxecto de país, intacta aínda a súa capacidade de seguir soñando Galicia cando, con satisfacción, volve a vista atrás e ve cumpridos algúns dos ideais que el, e os vellos galeguistas, apontaron en tempos moito más pobres. Perdedor, tal vez, pero non un fracasado.

Avelino Pousa Antelo naceu na Barcala, en 1914, no seo dunha familia de comerciantes que trataban co téxtil. Tras os primeiros estudos, entra no Seminario de Compostela, en San Martiño Pinario, enlevado dunha vaga vocación relixiosa que os anos de inflexibilidade seminaristas acabaran por esgotar sen enxoitar, con todo, a súa fe cristiá. Deses anos seminaristas data o seu primeiro contacto con Castelao, que o impresiona sobrereñeira nun mitin que deu en xuño de 1931. Do mitin, "saí galeguista de por vida, e de por mil vidas se as tivera".

Como non tiña aínda idade para militar no Partido Galeguista (PG), afiliouse ás Mocidades e artella as células da comarca da Barcala. Familiarízase cos persoeiros do Seminario dos Estudios Galegos e frequenta a imprenta de Ánxel Casal, o pai de 'Nós' e alcalde de Compostela que sería fusilado nos primeiros días do golpe de estado do 36. Faise moi amigo de Ramón Suárez Picallo, deputado daquele e a voz máis popular do PG, e con el comparte non só o seu nacionalismo senón tamén os pulos agraristas.

O seu activismo político xuvenil culmina na campaña pola aprobación do primeiro Estatuto de Autonomía, en 1936, en estreita colaboración cun grupo formado, entre outros, por Isaac Díaz Pardo. Non foi unha campaña fácil. Algúns compañeiros pintaban con chapapote "Autonomía Si" e acarón "URSS. Viva Rusia", algo que a Pousa Antelo non lle agradaba o más mírrimo. Recrimounllellas aquele actitude pro comunista porque sendo Compostela unha cidade "tan de beatas e de tantas sotanas" ningún votará apoio o Estatuto. Non lle fixeron caso a el, enfadado, guindoulles o valde do chapapote e despois "mallaron en miñ canto quixeron".

E é que Avelino Pousa Antelo endexamais se sentiu tentado polo marxismo e para enfado de moitos compañeiros, facía chamamentos na radio contra o materialismo e a favor dun espírito romántico e idealista. "Sabía que os nosos labregos

non eran marxistas, e polo tanto eu tampouco. O noso paisano, aínda sen coñecelo, e quizais con inexuidade, non se declaraba partidario do marxismo. Identificaban os postulados de Carlos Marx e dos seus seguidores con que lle fan quitar vacas e leiras; e os nosos labregos, con tan arraigado sentido da súa pequena terra en propiedade, non querían saber nada de socialismo e menos de comunismo".

O golpe de estado do 18 de xullo de 1936 colleu no na casa familiar. Como delegado da Frente Popular na comarca da Barcala, encargouse de requisar armas en defensa da legalidade constitucional, ata que o día 21 comezan os paseos e se decata das auténticas dimensións do levantamento. Foxe ó monte e refuxiase na casa dos veciños. Logo dun mes, decide reingresar como soldado, "xa que pensei que significaba a solución más segura, como así resultou". Combate nas filas do Exército franquista en varias frontes, entre elas o sitio de Madrid, e ó cabo da guerra logra unha praza como profesor. En 1944 consigue praza fixa nunhas oposicións en Lugo e obtén praza cerca de Nadela. En 1946 casa con Nora, unha filla de emigrantes galegos que nacera en Bos Aires. Nese período coñece a Antonio Fernández López, que pretende crear a Escola Agrícola da Granxa Barreiros, en Sarria, e ofrécelle a dirección. Para formarse, subvenciónalle os estudos na Misión Biolóxica de Pontevedra –onde coñece a Rof Codina– e en Lugo. A experiencia dura entre 1948 e 1955, ano no que Pousa Antelo reingresa no Maxisterio e é trasladado a Canarias. Serán cinco anos de etapa canaria que tamén lle permitirán afondar no estudo do cultivo do millo.

A partir de aí, inicia unha peregrinaxe por distintas cidades, tanto en proxectos relacionados coa agricultura –mesmo, vendeu sementes de patata– como co ensino, dúas facetas que compaxináran en maior ou menor medida ó longo da súa vida.

Defensor da concentración parcelaria como método para acabar co minifundio e do cooperativismo como solución á pobreza do campesiñado, publicou distintos traballo en defensa destas opcións, en especial a das cooperativas, único xeito ó seu ver de combater o "capitalismo selvaxe" das grandes empresas, que "proletarizaban o pequeno agricultor malpagándolle os seus produtos". No campo das cooperativas, tratou de reencarrillar Feiraco e aspirou inutilmente á súa dirección. Profesionalmente, xubilouse en 1983, cando era profesor en Cesures.

Coa morte de Franco, entrhou activamente na política. Primeiro militando no Partido Galego Social Demócrata (PGSD) e, logo, no novo Partido Galeguista, xurdido da unión dos socialdemócratas co Partido Popular Galego de Fernández Albor e Sixto Seco. Desa formación foi, sucesivamente, secretario xeral e presidente. Co esgazamento do PG –que logrou os seus máximos resultados en Unidade Galega, xunto ó Partido Socialista Galego (PSG) e o Partido Obrero Galego (POG)–acheouse á Esquerda Galega (EG) de Camilo Nogueira. Actualmente, mantén afinidades co Bloque Nacionalista Galego (BNG), se ben con distancias ideolóxicas e persoais respecto dalgúns dos seus membros. Para el, Galicia non precisa de partidos de esquerda e de dereita senón dun partido único que recolla o espírito do país e o leve á súa madurez política. Despois, di, xa se falará...



Nesta páxina, (dereita) Avelino co seu pai, os seus avós maternos e Ramón, o seu irmán maior (Barcala, 1917). À esquerda, coa súa muller Nora, en Sarria, no ano 1948, cando comeza a Escola de Barreiros. Na páxina anterior, na inauguración da rúa Castelao en Negreira (1984)



Rebelde e inconformista, de sempre. Na entrada da súa casa no Concello de Teo colgan as pancartas de 'Nunca Máis' e "Non a guerra" e da lapela da chaqueta –que noutro tempo levou o botón da República coa que provocaba os alumnos do Seminario onde unha vez quixo sentir unha chamada espiritual que nunca foi– a insignia de ouro da Universidade de Santiago e da Fundación Castelao que preside.

A lección dun mestre

A Avelino Pousa Antelo (San Xoán de Barcala, Baña, 1914) –que atopara “o camiño da súa vida no galeguismo” desde que escotitara aos seus 17 anos, un 10 de maio do 1931, a Castelao nun mitín no Principal de Compostela –salvouno a propia guerra de ser paseado: como moitos dos seus amigos de Negreira, como Alexandre Bóveda ou o seu amigo o editor Ánxel Casal, a quien adoitaba repartirlle os libros que “heroicamente” editaba en galego polas feiras. E que Pousa Antelo –o ‘Neno do conío’, como o apodaran ao ser o primeiro en empregar o termo nun mitín ou o ‘Lucho do Peto’, polo peto das ánimas que tiña pegado á casa dos seus avós no seu Barcala natal– “librouse dunhas boas, de moitas”. Dio ao recordar os dous consellos de guerra nos que figuraba; ao iniciar a peregrinaxe de casa en casa para agocharse naqueles primeiros momentos do levantamento fascista; cando o persuadiron da súa intención de fuxir a Portugal; fronte aquela circular dun crego advertindo deque era un “perígoro roxo separatista” ou, mesmo na fronte en Guadarrama, cando se lle queimara o coche, por non ter aceite, e librouse de que valoraran un posible acto de sabotaže. (“Se pediran informes a Negreira, o falanxista do pobo iarme acusar” –sostén). Ali, á fronte madrileña, chegara de padoleiro e acabou de chofer. E ata rematou a guerra facendo o curso de saxonento de automóbil: el que durante un tempo non sabía onde estaba a marcha atrás do que conducía. Naquel momento, na praza de Salamanca atopara a Paco del Riego e chámoulo:

– “Cala, cala, non berres tanto, non me chames así” –diciáme, con medo e os dedos sobre a boca.

Con Pousa Antelo pasan as horas. Horas idas e viadas dun home marcado, no mellor sentido da palabra, pola figura de Castelao e que hoxe, na presidencia da Fundación que leva o seu nome, é salvaguarda do seu legado irrepetible. Con el fa ata Pontevedra ou ata a tertulia do café Derby ou percorría a feira de Santa Susana en Compostela a onde asistía aos apuntamentos de Castelao, no bloc que sempre levava nun peto, dos comentarios da xente e os hábiles trazos, en catro segundos, do debuxo da paisanaxe: sempre da man daquel home universal que o impresionara pola súa “simpatía e humanismo”. Por iso non é estralo que despregue as súa crítica máis furibunda aos que xogaron coa súa suplantación no pasado e ainda xogan hoxe, tanto na usurpación como nas veleidades e ambicións persoais, sobre unha herdanza que vapulean mercaderes. Non lle parece mal que se faga universal a repetida cuña de “Castelao é noso”, pero fronte a eles di: “Castelao é ante todo nacionalista galego”. En

semellantes termos definese a si mesmo: “Avelino Pousa Antelo é nacionalista e o meu voto é para o nacionalismo, aínda que haxa xente coa que non conxeñe”, mantén en alusión á persoa do ex deputado do BNG e candidato do Bloque en Ourense, Rodríguez Peña a quem lle recrimina “o roubo” do Partido Galeguista. “É un traidor” e engade sobre o arquitecto ourensán e ex conselleiro de Pesca: “Coma moiito pesaría un escalo”. Sobre as mareas que arrasta o oportunismo, tampoco esquece Pousa Antelo de volver sobre a figura de García Sabell, do que dá conta da súa influencia e sobre o que non tiña especial trato. Tamén sobre Ramón Piñeiro: “San Pablo caeu dun cabalo e el dunha burra vella”, comenta quen lle recriminara cun “ti toleaches” aquela idea súa de encher de galeguismo os partidos estatais. “E mira que pasou!” – exclama. “Piñeiro chegoulle a discutir cousas a Castelao”, subliña mentres asenta a “vixencia total” das teses do autor do *Sempre en Galiza* e lle dedica a Piñeiro a frase: “Sentiuse iluminado. Non era un parvo, pero tampouco un xenio”. Para sentenciar noutra volta: “Se non fosse pola guerra, hoxe teríamos un partido nacionalista con maioría absoluta neste país xa que ningún outro partido medrara tanto, en só cinco anos, como o Partido Galeguista”. Secretario xeral do PG do 1978 ata novembro do 79, os intentos de Pousa Antelo por recuperar as siglas bateron coas intencións de Rodríguez Peña que “en dúas horas argallara todo no rexistro”: “a súa xente lá no mesmo tren cambiou pero chegaran antes”, relata quen logo formaría parte dun novo partido nacionalista galego e ese é outro cantar ao que o convidara un irmán farmacéutico de Del Riego, Domingo, para botar adiante o Partido Galego Social Democrata (PGSD) que chegou a ter uns 400 militantes. Rematou sendo presidente. Pero, sobre todo, Avelino Pousa Antelo é nacionalista: mestre de mestres que aos seus noventa anos recolle a teise dos galeguistas daquel tempo na súa intención e postura máis “integradora”: “A disxuntiva de dereitas e esquerdas sérvelles aos castelán. Non a nós, que temos outros problemas”, di sen deixar de parafrasear os versos de García Bodaño cando escribe a “Galicia no que todo é porvir que non chega”. Problemas, vivos e vixentes, que seguen agardando e ante os que esgrime como resposta “a milagre” que pasa por “assumir o galeguismo”: “que o galeguismo político de Castelao sexa real e que non quede en medallas”. Medallas –recorda– que creou Fernández Albor para entregar aos vellos galeguistas, como Paz Andrade. Pero, exclama, “ique non se lles ocurra darmee a miñ a da Xunta!” e corre o caixón onde ten a súa medalla Castelao que lle concedeu no 1985 o Partido Galeguista de México pola súa “lealdade galegista”.

Manifestación en defensa do Estatuto de Autonomía que reconoce a Galiza como nación histórica. No balcón do concello de Santiago. Avelino Pousa Antelo.



Pousa Antelo atopou o camiño da súa vida o 10 de maio do 1931, como lle dixera, logo dun longo abrazo, a Ogando Vázquez con que forá ó mitin no que falaran Vilar Ponte, Paz Andrade, Álvaro das Casas, Carvalho Calero e Castelao no Principal en Compostela. Viña de San Xoán de Barcala que, áinda que pertencia ao concello da Baña, sempre tivo máis conexión coa vila de Negreira: unha bisbarra que Pousa Antelo percorre sobre o traxecto dun mapa emocional no que encadea máis de vinte alcumes dos seus veciños. Veciños que, cando era neno, emigraran sen apenas excepción a Cuba e veciños, os menos, cos que se atopou no Seminario, na Pontificia de Compostela, antes de abandonar a idea de que "tiña vocación". "Era un rebelde e un inconformista contra a lamentable educación daquel tempo" –salienta sobre "o ensino daquel mal cuartel", como define o seminario. E aclara: "iEducación relixiosa!"; "iñin falar!"

Cos versos do poeta Cabada Vázquez –cos que quedara impresionado– e o seu paso por Compostela chega Pousa Antelo nos anos trinta á Mocidades Galeguistas e o Seminario de Estudos Galegos. Antes, xa levava as probas de 'La Voz de Barcala' á imprenta 'Nós' de Anxel Casal: "tan boa persoa, tan acoller" –recorda para logo falar da "falta de conciencia galeguista da época" e das dificultades dunha empresa editorial en galego "totalmente heroica". O SEG editaba as súas publicacións na imprenta de Casal pero pagaban tarde e con atraso, mantén sobre aquel momento no que "os bárbaros, aquelas bestas arrasaran coa biblioteca do SEG que se salvou en parte grazas aos cregos Pedret Casado e Xesús Carro". Ao tempo volve á pegada que deixara nel o profesor José Toba, membro da sección pedagógica do SEG. "Era outubro do 1934 e daba unha lección sobre o millo. Fixen todo un paquete, que parecía un lanzagranadas, para a exposición da lección e, metiñame na imprenta de Casal escapando dos gardas.

Alí preguntourme Casal:

- ¿Que pensas do que está pasando en Asturias?.
- Se un país civilizado fai iso, eu non creo na civilización –díxelle.

-E ti Casal? –repuxen

- Se para que haxa avance ten que haber cousas como esas prefiro estar no tempo das cavernas –respondeulle un Casal a quem todos os anos lle rende homenaxe na estrada de Montouto, o lugar exacto onde foi cuneteado e que Pousa averiguara da man dun boticario que vira o corpo do editor asasinado.

Pode ser Pousa Antelo unha das persoas que a súa mesma presenza constante chegue a pasar desapercibida. Constante en calquera acto en defensa da cultura e a identidade do país, ve hoxe o mundo con optimismo, recordando a ristra de conquistas noutro tempo impensable: como lle repasou aos, agotados e derrubados representantes de Esquerda Galega cuando saíran derrotados das eleccións. E sostén "galeguistas de porra son os do PP" ao abrir un alegato en defensa da lingua: "a lingua é alma dun pobo; o que non asuma e acepte iso é un galego de terceira división ou un recastado"… por iso Pousa Antelo seguirá

criticando o líder da oposición en Madrid, Mariano Rajoy que ve como un "galego recastado": "e con máis obriga ca min –engade– porque o seu avó fixo moito pola autonomía e a lingua galegas". E que Pousa fixo campaña do Estatuto do 1936, anque desde o 2004 considere que o texto do 81 é "moito mellor". Fixo campaña en vésperas do estoupido fascista por un texto que avanzara no autogoberno con moitos militantes, entre eles, Díaz Pardo do que, comenta, "estaba más politizado e era más de esquerdas ca min". Brañas Cancelo, un colega das Mocidades Galeguista, conta nunha biografía de Ánxel Casal que nas Mocidades había de todo: "os meapilas de Ourense, os exaltados da Coruña, os acomodados como Fernández del Riego ou os bulebules como Avelino Pousa Antelo". "Eu era unha fervenzal" –di cando recorda este episodio quen hoxe se segue sentindo identificado en conceptos como "rebelde" ou "inconformista". E rise. Tamén fala de "timidez" e como o ensino cos curas asentaba nel a imaxe da muller, "como un demón con saias". Volve rir e remexe no escritorio na busca dunha foto: na porta do Pazo de San Xerome coa súa promoción da maxisterio ao carón do que fora compañeiro da poeta María Mariño. Tamén na foto sae o seu mestre José Toba Fernández: o mestre que lle dera clases de balde para sacar a praza de oposición en Lugo.

E iso foi Pousa Antelo: mestre de mestres. Agrarista e cooperativista. Impulsor dunha nova escola para o país, Pousa ingresara no ensino na provincia de Lugo e alí sacaría a súa primeira praza: anque tamén en Santa Comba de Nadela obtaría o seu carné de músico, sendo director e vocalista da Orquestra Chintófano. Tocaba a bandurria e o laud –que co repinicar de campás e a bandoliña segue tocando hoxe– e arrancou cos compás daquel grupo que bautizaron como 'Avel Pousa y sus jabatos' emulando aquela outra orquestra madrileña que causara fervor nos trinta; 'Manolo Bel y sus muchachos'. "Teño probas" e corre a buscar aquel outro carné, porque o sindical de música quedara na man dunha muller co que conseguiu penso para as galixas.

No 1946 fora bolsado pola Misión biolóxica de Galicia para logo dirixir a Escola Agrícola da Granxa Barrreiros construída por Gómez Román en Ortoá (Sarria). De alí tamén xurdiron os cursos agropecuarios para mestres rurais que se celebraron en Lugo desde 1948 ata 1971, ano no que morreu o seu mentor Antonio Fernández López. "Se o Estado tivera un sentido práctico das cousas, aqueles cursos terían que ser re-coñecidos", destaca sobre unha forma de entender a escola que ainda defende: "A escola dende o seu contorno" con programas que incidían no agro e que, de fondo, remexían na alma dun pobo e na necesidade de ter orgullo de pobo. "Estudábase a calidade do terreo, traífanse expertos de enxeñeiría e veterinaria de Galicia...." –repasa sobre un proxecto en tempos de longa noite de pedra que era vixiada polas brigadas fascistas nun momento de actividade dos maquis. "Claro que –subliña– cando morreu Gallastegui, xeñetista creador dos millos híbridos, houbo unha ca-

cicada nun padroado con Filgueira Valverde que desprazou ao seu lexitimo sucesor Xosé Luis Blanco, que estaba en Minnesota, por un tal Dominguez", radiografa co mesmo impulso coma se fose onte. "Os híbridos viñan multiplicar a riqueza", confirma. Pero, ¿e os transxénicos? "Non o teño claro –mantén– non creo que sexan nada bons". As liñas da Misión Biolóxica perdérónse, comenta Pousa, excepto o traballo do xenetista Xosé Lois Blanco quen chamara por el en Zaragoza. Eran os sesenta anque antes, no 1955 marchara á Orotava (Tenerife) onde pasaba os días, ata catro anos, entre a selección do millo ou as análises das augas. Alá marchara nun barco da transmediterránea e doutra volta, no Santa María: dúas viaxes de oito días e 48 horas que recorda tralas troulas, entre moitos galegos, da expedición. "Traballar na escola de Barreiros era traballar no agro", mantén este agrarista que recorda como o movemento entoara o mea culpa por "non ter feito o suficiente" en apoio á candidatura galega nas eleccións do 1931. En Barreiros plantábase dende espárragos a coliflor, leitugas de varias clases e axustaban aquela dieta a base de féculas para introducir a proteína da soia, que mesmo se lle botaba ao caldo. Hoxe, no xardín da súa casa de Teo, ten un pequeno invernadoiro como 'hobby': cun pequeno banco, entre a árbore do amor e sementes que trouxo do sur, Lemoneiros, do que bota man para o seu zume de todas as noites, ou as tomateiras e as plantas dos pementos de Padrón. Da escola de Barreiros quedan as fotos das pereiras arredor das ventás que mesmo facían a forma de P en homenaxe a Pousa, o seu director.

E no seu edificio ensaístico, a palabra clave é cooperativismo: "A única saída que existe, aínda hoxe", mantén en firme este mestre ao entender como entende que "urge crear un espírito cooperativista". E máis: "o cooperativismo, cooperatiza a xente e faina máis solidaria". Claro que, advierte, "non se nace cooperativista, hai que facerse". Pulsando na tese da interdisciplinariedade na que evoca e loa o traballo do seu amigo Díaz Pardo, cuestiona Pousa Antelo – que se incorporara ás aulas en Pontecesures alá nos setenta onde se xubila no 1983 – o ensino actual: ó que increpa dende esta perspectiva. E foi tamén Pousa Antelo, coa cámara na man, polo ancho do país facendo fotos ás galicianas ou ó millo, a todo o que vía de interese para verter logo en entregas xornalísticas. Primeiro, nos anos 30 en 'La Voz de Barcala' –órgano da Federación Agropecuaria do Distrito de Negreira– onde publicou centos de artigos en xornais e revistas sobre temas agrarios e cooperativos, ademais doutros temas tamén políticos. Autor de obras como Temas de Agricultura (1951) Cooperativa de explotación comunitaria para unha parroquia rural (1968), ¿Valen ou non as cooperativas comunitarias para o campo galego? (1971), Reforma das estruturas agrarias de Galicia (1972). A Escola agrícola da Granxa de Barreiros (1988), ou Galicia tarefa urgente (1992) foi merecedor de galardóns coma o premio xornalístico Ramón Mourente de temas agrarios (1961) ou o Luis Harguindeguy (1963), entre outros. E di "pode facer más quem quere que quen pode".

Presidente da Fundación Castelao, vicepresidente da Fundación Fernández Flórez e vocal da Fundación Pedrón de Ouro e Alexandre Bóveda, Avelino Pousa Antelo é ese "vello galeguista", como adoitan presentalo, que o mesmo que se cita cos representantes do BNG para falar da reforma do actual Estatuto, como asiste todos os anos a entrega das Medallas Castelao que "nunca quixo, nin quiere, nin quererá" que lle entregue o Goberno Galego. En todo caso, na bagaxe da súa vida hai un aquel da presenza ausente: do que, sen figurar, sempre estivo. Como na elaboración do estatuto dos 16. "Da miña man, entrou Xosé Manteiga, un home que sería esa eminencia gris tras a que se movía Reimóndez Portela", relata mentres recorda como fora chamado para dar arrinque á freada que aquel texto de UCD daba a Galiza enteira. Era secretario xeral do PG: "Alí – describe ao miúdo – nunha taberna na estrada de Lugo a Friol, moi frecuentada por Antonio Rosón, reuníronse os membros do UCD e o PG. Por UCD, estaban Iglesias Corral e Meilán Gil mentres que polo PG estaba González López e Lois Sobrado. Eu propiciei que o PG dera a súa conformidade na reforma do Estatuto. Naquellos pactos non foran convocados nin o Bloque nin Esquerda Galega, anque si os comunistas e o PSOE". Naquela xuntanza empezou Pousa Antelo a cantar o himno galego baixo a sombra dun castiñeiro, malia o que digan outros. Galeguista, docente, cooperativista, articulista, político e activista cultural Pousa Antelo soñaría con que Bóveda fose aquel gran conselleiro de Economía da Xunta e polo tanto, que hoxe existise un gran partido nacionalista, con maioría absoluta, no goberno galego. "Algo que pudo ter acontecido" sostén no peche dunha conversa que é lección de mestre.



Na foto superior: no Día da Galiza Mártir, sentado con David Otero e Manuel María. Atrás: Bieito Lobeira, Anxo Quintana, Fernández Lores e Francisco Pillado. Abaixo, na inauguración da rúa que leva o seu nome. A dereita, con Díaz Pardo na entrega do Pedrón de Ouro no 2001 e Quintana nunha mesa este mesmo ano sobre o documento da reforma estatutaria do BNG.



31 / SETEMBRO DO 2004 - NÚMERO 533

rDL


REVISTA
DAS
LETRAS



LECTURAS DE OUTONO

Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.

Diseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo. Fotografía: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-hoxe.com



Un outono para ler **Hipnotízate**

A Guerra Civil e a posguerra, a crónica da resistencia interior e a dor do exilio, son sen dúbida os grandes protagonistas da temporada de lectura que agora que comeza, aproveitada polas editoriais galegas para realizar os seus lanzamentos estrela tras o verán. Ademais, as novidades preséntannos outras sorpresas: unha auténtica augación de traducións, insólita noutras temporadas. Virginia Woolf, Ray Bradbury ou Jane Austen son algúns dos autores que saltan ós catálogos, algúns coas súas obras emblemáticas, como 'Crónicas marcianas' (Bradbury) ou 'As ondas' (Woolf). Na poesía –xénero estrella en Galicia–, un regreso moi esperado: o de Chus Pato con 'Charenton'. E canda ela, 'A cousa vermella' de Olga Novo ou 'Sucede' de Dani Salgado, ambas en Espiral Maior.

A ilusión da beleza

Lupe Gómez

A última entrega poética de Xavier Seoane, *Dársenas do ocaso*. Co que gañou a primeira edición do premio Caixanova de poesía. E que aparece no selo editorial do Pen Club. É un libro marabiloso. Integrado por poemas doces, tranquilos, luminosos. Coa saudade do mar. Na aventura da palabra. O poema élévase no canto. Na poesía aparece a verdade da vida. Coa ilusión posta no futuro. E cos ollos mirando ao pasado, ao paso lento do tempo. E as tardes, xorden preciosas. E a Natureza, sentida polo poeta, aparece co seu vestido máis bonito. O vestido dos poemas de Xavier Seoane, que de novo nos regala máis beleza, más cardos. O autor é un pintor, e iso nótase nos poemas. Poemas nos que predominan o azul e o branco, como na bandeira. Na bandeira dos sentimentos. Esa bandeira libre que nos leva lonxe. Que nos arrasta. Que nos arrinca da nosa condición limitada, mortal. Os poemas deste libro fannos soñar, fannos sentir moitas cousas. Fannos saír de nós. Tamén, reconciliarnos con nós mesmos. O autor é un pintor que nos leva da man, como unha neña.

Hai moita saudade, moita melancolia. Hai moito amor. A sensibilidade coa que están escritos estos poemas é magnífica, é unha sensibilidade moi grande. Son poemas escritos co corazón, deixando que o corazón baile. O mar está presente en todo o libro. É afinda un mar sen ferir, sen petróleo. É un mar limpo, un mar feliz, na que o poeta ensóñase, na que o poeta viaxa, na que o poeta vive. A observación do mar é moi importante. Ái, no mar, nace a inspiración. O mar é a cerna.

Tardes e más tardes, pasan polo libro, enchéndonos de vida e fermosura. Tardes e más tardes, como lenzos, nos que o poeta pinta. Pinta sentimentos. Pinta vida. Esas tardes son o único, o último que nos queda. Únchennos de paz. Fannos libres. Esas tardes son marabillosos barcos. Nos que a poesía medra. A poesía deste libro é unha poesía alta, grande, intensa, bonita. É unha poesía de sensibilidade extrema. Unha poesía que nos enche de paz e de forza e de rabia. A min sentoume ben ler este libro. Púxome contenta. Lin este libro tomando café e esperando o autobús para ir á aldea. Lin este libro na cafetería da estación de autobuses de Santiago. Sentinme moi ben. Facía sol, o sol entraba polas ventás, o sol entraba nos meus ollos e nos ollos da poesía.

A veces pensamos que a poesía está en crise, e que a poesía non serve para nada, e que ningún le poesía, que a ningún lle importa. Pero eu reafirmo nos poemas. Fanme feliz. A poesía é moi importante, representa todo, fai soñar. Os poemas acenden en nós novas luces, os poemas axúdannos a seguir camiñando. E a vida sen poesía sería unha vida falsa. Unha vida chea de mentira.

Chega o poeta no libro *As dársenas do ocaso*, á verdade. Interrogando á tristeza constrúe ríos, constrúe certezas, constrúe tempos novos, reconstrúe a historia persoal e a historia social. Fai do nós algo mellor. Fai do mundo unha metáfora, e esa metáfora sérvenos de arma. A arma dos sentimentos, non hai mellor arma. Non debería haber guerras. A arma deberían ser as palabras. Na resistencia forte do poema. No absurdo. Na histeria. Xavier Seoane agásallanos esta vez cun libro moi sereno, moi profundo, moi tenro. Moi ben escrito, pois a lingua xe reloce, aparece digna, libre. Non hai retorcementos, non hai escuridade, non hai criptas. Todo o contrario. É un libro precioso, limpo, libre, claro. Como un debuxo infantil.

O poeta abre o misterio, e o misterio é como unha porta para o poeta, unha porta que nos gusta atravesar sempre. Como unha forma de indagar na vida e nos sentimentos. E o desexo de viaxar, escaparse, na imaxinación, nese cabalo. Mirando fixamente os ollos das vacas. Abrindo a ilusión. Correndo. Nada hai máis romántico e vivo que correr. O poeta fai estampas de grandísima beleza. Estampas, cun grandísimo poder. O poder da evocación,

que nos arrinca do chan, que nos eleva. Os sentimentos cruzan o poema. O poema eríxese. Como unha casa. Como un palacio. O palacio das princesas. No mar. Sempre no mar. Repetindo a imaxe. Reiterando, de xeito magnífico. Como facendo un poema circular. Como cerrando o labirinto. Abrindo e pechando os ollos. O poeta pinta, fai fotos, fotos que son fotos da alma. Fotos estupendas, feitas por unha especie de demiurgo, que inventa, que crea, que redescubre, que soñá. Soñar é unha forma de crear. Ensóñar é unha forma de reinventar, refacer, revivir.

Dársenas do ocaso chegou ás miñas mans unha mañá bonita de sol, mercando libros. A persoa que me vendeu este libro, unha muller, faloume da poesía. Díxome que a poesía representa todo. Díxome que a poesía representa vida, sentimento, amor, rabia. Eu sentinme feliz comprando este libro. Unha mañá de sol. E despois de comer fun á estación esperar o bus, e antes da miña pequena viaxe, viaxei lendo, viaxei na poesía. E gustoume moito este libro, gustoume moiísimo.

A poesía abre en nós os nosos recantos internos. *Dársenas do ocaso* é unha poesía moi humana, moi lúcida, moi transparente, moi suave. Neste libro aparece tamén certa violencia –que eu vin, sentín–. Refírome a eses solpores vermellos dos que fala o poeta. Eses solpores cheos de sangue. O sol, como unha ferida. O sol marchando, enchendo a natureza de cor violenta, de sangue. Ese sangue das mulleres, que eu vin tamén neste libro. Ese sangue que sentimos con alegría e noxo. Refírome, unha vez máis, á mestruación femenina.

O mar, sempre. Sempre o mar, danzando. Aparecendo. Enchendo o obxectivo do poeta. Como unha pistola que dispara. Dispara os sentimentos. Enche os ollos do poeta. Fai un baile.

A palabra xorde soa neste poemario. Xorde esencial, minimalista, concentrando moito o que o poeta reflexa. O que o poeta pinta. Pinta con trazos finos, finísimos, delgados. A palabra nace limpia. A palabra aparece virxinal, intacta. Como cando nacemos e rompemos os corpos de nosas nais. Como cando somos nenos e corremos. Como cando amamos.

O amor aparece tamén neste libro, pintando e acaríñando os poemas. Dándolle luz.

O poeta interroga continuamente a vida. Interroga, co afán da pregunta, sen precurar resposta, contento o poeta na súa escridade, na súa penumbras. Precisamente a luz é o poema. A escrita. Esa escrita desdibuxada e enorme. Esa escrita clara, que por si soa, resolve o enigma. Abrindo as costuras dos sentimientos. Precurando o goce.

Dársenas do ocaso transcorre nos portos, e no mar inmenso. Nos portos, nos que sentimos a estranxeza da vida. No mar, no que abandonamos o universo. Ese mar ancho e grande. Esa ledicia de estar vivos. Para mim este poemario é un poemario vitalista, alegre. Está cheo de paz, de simbolismo, de ilusión. A ilusión da beleza.

Fala de cando o mar non tiña unha ferida terrible. Fala de Galiza, unha Galiza marabillosa, fermosa, azul e branca, como a bandeira. Fala dos sentimentos, que se reflexan nunha natureza humanizada, sentida. O poeta vibra e sente en si mesmo a naturaleza.

Cos poemas saímos da vida. Cos poemas gañamos unha guerra. Coas palabras de Xavier Seoane ensanchamos as nosas vidas. Soñamos, mirando o horizonte. Sentimos a forza dos soños. Abrazamos a beleza. Miramos dentro de nós, e dentro de nós atopamos a propria poesía. Poesía, na que afondamos, para sentirnos mellor día a día.

Coa poesía somos máis humanos. Coa poesía de Xavier Seoane imos no mar, como quen vai nun cabalo. E abandonamos a vida, como paxaros. Eses paxaros que voan, que escapan. Por encima dos barcos.

Constenla en humanas proporcións



A última edición do premio de narrativa 'Torrente Ballester' foi para un entón descoñecido Xesús Constenla. Doce por *As humanas proporcións*, unha colección de relatos sobre os labirintos cotiás. Agora publíca Galaxia. Recordos, tenrura perversa pero tamén cruidade son algunas das carectrísticas coas que Constenla (Ferrol, 1963) traballa a través dunha prosa sinxela e directa, non exenta de misterio. Contos breves que suxiren más que executan, con personaxes creados a partir de alentos. "Unha porposta arriscada, moderna e con raíces na narrativa de sempre", dixo dela Ponte Far.



O azar e a acción segundo Vaamonde

'Hai que seguir buscando a luz no azar da vida'. Este é o motor que impulsou a Pablo Vaamonde a escribir *O mes de abril*, a súa segunda obra, unha colección de trinta estampas a través das cales Vaamonde nos propón unha viaxe ao interior de cada quen, segundo confesa o propio autor. Unha obra na que o azar e as accións dirixen o fío literario.

Manolo Veiga, cronista do regreso do exilio


Despois de *As ruínas da cidade amada*, Manolo Veiga (Monforte, 1960) regresa ás librerías con *O exiliado e a primavera*, a novela que lle valeu o último Premio Xerais e que anuncia xa un dos escritores con máis vontade de estilo dos últimos anos. Estamos en 1974, en vésperas da morte de Franco. Nese momento contradictorio –para algúns de 'dictabrand' pese ós fusilamentos–, Veiga fa a crónica dun exiliado en México



que regresa a Galicia tras corenta anos de ausencia. O autor, periodista de profesión, enfrenta o seu protagonista ós engaños da memoria e, moi especialmente, á dolorosa experiencia que distanciou os exiliados do exterior cos exiliados dentro das fronteiras da propia ditadura.

Riveiro Coello, a historia do século XX

Antón Riveiro Coello é, sen dúbida, un dos escritores más prestixiosos da Literatura galega actual e *As rulas de Bakunin* o seu libro máis exitoso. Galaxia reedita agora –e non hai tantos anos que saíu– e aponta de deste xeito un narrador de engaiolante prosa e calidez emocional. Como telón de fondo da novela, a crónica do século XX a través da xente do Xalo e Culleredo, coa guerra civil, o agrarismo e a emigración como fío conductor.




Crónica dos mozoas en transición

O accidente dun camión cargado con botellas de coñac Soberano conforma o artellamento de *Soberano*, a novela de Adolfo Caamaño, editada por A Nosa Terra. Unha obra que se asenta entre a paixón pola memoria e a crónica dunha xeración xuvenil entrampada nun cambio histórico para o que quizais non estivese preparada, a cabalo entre o urbano e o rural, un espazo que Caamaño converte en territorio literario.

Bernardo Atxaga: as memorias do boxeador




Xerais publica a tradución ó galego de *O fillo do acordeonista*, a polémica novela de Bernardo Atxaga que lle valeu o Premio Crítica e o Premio Euskadi. Acollidu con receos sempre entre os nacionalistas (os españoles e os vascos), Atxaga asegura que á hora de escribir esta novela lembrou unha frase de Casius Clay: "é bo voar como unha bolboreta e de cando en vez golpear como unha avesp". Non en valde o protagonista é un boxeador que moi ben podería ser Urtain coa traxedia da súa vida. A novela está ambientada na postguerra e na época franquista no País Vasco e, segundo a crítica, supón un punto e á parte na súa traxectoria.



Henrique Rabuñal, as letras da inquedanza

Henrique Rabuñal (Arteixo, 1962) desenvolveu boa parte da súa obra na poesía, pero a súa nova entrega é unha novela, *Ollos negros*, que acaba de publicar Espiral Maior e que supón a súa confirmación tras A fariña das horas (1998). En *Ollos negros*, Rabuñal crea un territorio literario, Touza, un mundo no que cabe a vida enteira: a memoria e os soños, a historia e o compromiso, a familia e o individuo. O autor apreixa os temas claves da súa obra literaria e, a partir deles, evoca ámbitos e escenarios moi queridos do século XX e debulla algunas das grandes preocupacións do home actual.



Óperas prima para Sotelo Blanco

Sotelo Blanco recupera a súa *Colección Literaria*, parada desde hai meses, e quere relanzala coa publicación de novos narradores. Como mostra, os tres primeiros títulos da andaina, todos eles óperas prima: *Fausta* de Xerardo García Suárez, *Ocidencia* de Xoán Carlos Rodríguez e *Tristemil* de Alberto Fortes, o irmán da escritora galega Susana Fortes.


Virginia Woolf, desde 'As Ondas'

Para moitos a novela máis emocionante de Virginia Woolf, *As ondas* posúe as características clave da súa autora: a complexidade do ser humano e, sobre todo, dos seus sentimientos. Traducida agora por vez primeira ó galego, Galaxia publica na colección *Clásicos Universais* e bríndalle ós lectores a oportunidade de adentrarse, outra volta, no mundo de Woolf, a escritora coa que Otero Pedrayo dialogara na súa novela *Devalar*.



Beatriz Dacosta e a sociedade actual

Francka Editora, a casa creada por Frank Meyer tras abandonar Galaxia, apostou para o outono pola que é, probablemente, a súa autora emblemática: Beatriz Dacosta e a súa segunda entrega, *Contrato temporal*, pola que recibiu o Premio Terras de Melide. Dacosta, tras a polémica historia lésbica *Precipicios*, adéntrase noutra proposta ousada, un libro "arrisca-



do", en palabras do xurado que lle deu o galardón, onde se tratan algunas das pantamas da sociedade actual: o mundo laboral, a precariedade, a globalización ou a deslocalización empresarial. Estructura modular e diálogos son algunas das bazas da novela.



Ray Brádbury á sombra de Marte

En plena carreira espacial por descubrir a existencia de vida en Marte, Xerais recuperaba un dos títulos clásicos da ciencia-ficción, *Crónicas marianas*, a colección de relatos deixados por Ray Bradbury que reconstrúe as peripecias dos terrícolas para colonizar o planeta vermello. Como é habitual en Bradbury, a narración de aventuras esconde detrás da súa poderosa imaxinación unha pescuda nos misterios da alma humana.

rdL | 5
Galicia Hoy 23/09/04

Para ler novela en clave feminina



As letras das mulleres é o título da más recente colección de narrativa de Sotelo Blanco, libros publicados en colaboración coa Consellería de Familia que nestes últimos meses llebrindou ós lectores títulos como *A cidade das mulleres* de Cristina de Piñán –un clásico renacentista– e *Vindicación dos dereitos da muller* de Mary Wollstonecraft –marcado polo pensamento ilustrado. Agora, Sotelo Blanco propón as obras de dúas escritoras clave dos dous últimos séculos: *Un cuarto propio* de Virginia Woolf e *Orgullo e preuxízo*, da inesquecible Jane Austen, que aquí logrou un dos seus textos más eloxiados. Un outono para ler en clave feminina.

'En Concreto' nas sensacións de Villalta



'En Concreto' de Luisa Villalta (A Coruña, 1957-2004), obra que ve a luz en edición póstuma, álzase sobre a cidade, os edificios, as estampas e os nomes nun poemario que se inaugura peirante o concepto do "concreto" de Ferrater Mora: "aplícase moitas veces a algo que é estimado como real no sentido de que é efectivo e experimentábel pola sensación". Gañador do XII premio de poesía Espiral Maior e editado na colección que dirixe Fernán-Vello, o poemario ábrese ao mundo de Villalta –poeta, narradora, ensaísta e autora teatral– á persoalidade humana e literaria dunha autora, traducida ao euskeria, de referencia en Galiza e Portugal

Daniel Salgado
SUCEDA
II PREMIO DE POESÍA
UXÍO NOVONEYRA



'Suceda' de Salgado nun tempo noso

Escribe outro poeta, Manuel Outeiriño no prólogo de 'Suceda' –co que Daniel Salgado mereceu o II Premio de poesía Uxío Novoneyra– que non estamos perante exercicios literarios. "Estamos –aclara– noutra cousa, no dicir bravo de Daniel Salgado, nun dicir que procura e exerce liberdades, ben consciente de que a literatura non é pecado (ou só o é cando víra ancilar)". Salgado (Monterroso, 1981) é poeta e xornalista, tradutor ao galego de Allen Ginsberg, que achega agora en Espiral Maior poesía o seu primeiro libro individual.

'Charenton', o regreso de Chus Pato

Chus Pato (Ourense, 1955) é sen dúbida a poeta por excelencia dos anos noventa e a xulgar polo seu *m-Talá*, tamén aspira a converterse na figura rotunda da lírica galega destes primeiros alentos do século XXI. E ese con *m-Talá* xa conseguiu o que moi poucos escritores logran –revolucionar o panorama, influenciar coa súa visión a toda unha nova xeración de escritoras, crear o desconcerto, apontar un ronsel de admiradores e



Olga Novo: a tensión de 'A cousa vermella'



instaurar a posmodernidade na xinea da estirpe–, todo indica que a súa próxima entrega, *Charenton*, de inminente aparición no catálogo de Xerais, non vai quedar atrás. Mesmo, algúns indicios apuntados pola crítica suxiren que a poeta ourensá se supera a si mesma nun texto onde a ironía e o humor –dos dos seus trazos característicos habituais– vólvense más explícitos para acadar o horizonte das obras indiscutibles.

Cando Manuel Antonio buscaba xa a vanguarda

Galaxia recupera para os lectores un dos textos míticos do mítico Manuel Antonio: *Foulas*, aquel libro que en 1972 deu a coñecer García Sabell canda outras obras esquecidas do autor de De catro a catro. Libro onde o vanguardismo comeza apuntar, *Foulas* é con todo unha obra para descubrir o Manuel Antonio da aprendizaxe, sempre brillante




Olga Nova, a poeta máis admirada dos últimos anos en Galicia, publica novo libro: *A cousa vermella* (Espiral Maior), un título que inetabilmente evoca a outro do seu mentor: *Vulva*, de Rodríguez Fer. Posuidora dun verso poderoso e dunha capacidade de imaxes desbordante, Olga Novo redondea os logros do seu célebre *Nós nus* para unha poesía polifónica, sensual, engastada á terra como un castiñeiro do seu Vilarmao natal.

Poesía brasileira hoxe

Vinte catro autores vivos, desde Gerardo Mello Mourão (1917) ata Carlos Newton Júnior (1966) reúnense na antoloxía da literatura brasileira que Alexei Bueno achega para a colección de 'O gato traductor' do Pen galego: unha colección que nace coa intención de brindar un espazo reservado ás traducións de autores contemporáneos e ás antoloxías de poesía. A edición, co impulso de González Tosar e o apoio de DANÚ editorial, volve sobre o panorama



das letras brasileiras e, como apunta o propio Alexei na introducción, esperase que teña continuidade coa publicación, no Brasil, dunha "moi necesaria escolma da poesía galega actual". "É preciso reparar o incomprendible distanciamento entre estas dúas literaturas irmáns. Compre realizar, en todo o Brasil, unha promoción e divulgación da grande poesía que se está a facer actualmente na lingua propia de Galicia", destaca.



O Urbano Lugrís de Antón Patiño

Todo xira en Lugrís sempre e obsesivamente arredor do mar: O mar é de continuo a esfera máxica dos intereseis artísticos e literarios de Urbano Lugrís. Unha atracción hipnótica á que vai manter fidelidade ao longo de toda a súa vida. A poética do mar vaille dar ao seu traballo esa sensación de universo simbólico pechado e autosuficiente que desenvolveu entre enormes dificultades. A vida do pintor Lugrís (A Coruña, 1908-Vigo, 1973) contada con admiración e paxión polo escritor e tamén pintor Antón Patiño nun solvente exercicio biográfico chega da man da colección Esencias de Ediciones A Nosa Terra.




Unha necesaria gramática práctica

É a profesora da Universidade de Santiago Carme Hermida – autora de compilacions como 'Polo mar abaixo vai.' (Positivas, 2003) e activista cultural ao fronte da presidencia do colectivo Redes Escarlata– que, dende a editorial Sotelo Blanco, fará entrega no mes de outubro dunha 'Gramática práctica', imprescindible en tempos de tímidas reformas no que a lingua galega atinx.

O tempo vital de Manuel María

Deixou atrás Manuel María (Outeiro de Rei, 1929) a nación que axudou a construir coa súa riqueza: a poesía. Morreu o pasado mércores 9 de setembro cando a Terra Chá acollía ao poeta da terra. Con texto do seu biógrafo, Camilo Gómez Torres, Edicións A Nosa Terra ultima *O tempo vital de Manuel María*: unha publicación que verá a luz ao



par doutros ensaios como a *Breve Historia da Música Galega* de María Pilar Alén; *Obrerismo no Ferrol* de Eliseo Fernández; *Memoria de Ferro* de Antón Patiño Regueira; *Xénero e Poder. Ollada desde América Latina* de Isabel Rauber; *As bioinvasións na Galiza* de Xurxo Pérez Pintos ou *A política económica da Xunta de Galicia (1982-97)* de Manuel Cao.

O anarquismo na Galiza

Apuntes para unha enciclopedia

Eliseo Fernández
Dionisio Pereira



O anarquismo galego que se nos oculta

Foi (e aínda o é) o mundo ácrata unha corrente, un pensamento, un movemento de líderes, que ve reflectido en *O anarquismo na Galiza* un recoñecemento da súa importancia na recente historia de Galicia. Editado por Positivas, o texto elaborado por Eliseo Fernández e Dionisio Pereira fai abrollar aqueles Apuntes para unha enciclopedia, como se subtitula a edición, sobre un mundo que inmerezicamente se nos ocultou. Eis unha das últimas entrega da editorial que dirixe Francisco Macías para, destaca Miguel Iñíguez no prólogo, que "moitos galegos inquedos sintan un pasado moi más revolucionario e inconformista do que lles venden".



rdl | 7
Galicia Hoy 23/09/04

O centro político segundo López Veiga

O conselleiro de pesca Enrique López Veiga fai a súa segunda entrega para Ir Indo: *Desde el centro de Galicia*. Logo de *A batalla de Cavite*, o autor do *Manual de Política Pesqueira* que editou o Goberno galego, publica un ensaio na colección 'A Fraga' sobre a existencia dun centro político capaz de rexer o futuro de Galicia: unha aposta por un galeguismo que non poña prioridades, nin siquera á hora de reivindicar o idioma.



'Diatribas manuelinas' de Antón Capelán

Das últimas entregas de Laiuento, *Diatribas Manuela*s de Antón Capelán ábrese nun interesante exercicio: no rescate de papeis vellos esquecidos para ver se resiste unha relectura e, tras sacudir o po e adobialos un chisco, poñelos de novo en formato libro á procura dun lector curioso. Son artigos breves publicados entre 1990 e 2000, textos sobre escritores e intelectuais de catro xeracións que nas ideas forzas da memoria, o esquecemento e a terxiversación, dan unidade ao título que Laiuento edita con *Oito días nunha existencia violácea* de Ricardo C. Mora.

30 / SETEMBRO DO 2004 - NÚMERO 534

rdL

REVISTA
DAS
LETRAS



**AMAR:
UN DEREITO HUMANO**

Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.
Diseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo. Fotografía: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-hoxe.com



Matrimonio para celebrar o amor

Os dereitos humanos darán mañá un paso histórico en España: O Goberno aprobará o matrimonio entre persoas do mesmo sexo, previsiblemente incluíndo a adopción. O camiño até este logro universal non resultou nada fácil: chega tras anos de reivindicación e loita, e tras séculos de ser castigado o amor entre persoas do mesmo sexo coa persecución, a violencia e, mesmo, o asasinato. A pesar do malestar que a legalización do matrimonio provocou entre distintos partidos políticos e, sobre todo, nos medios eclesiásticos –que anunciaron mobilizacións nas rúas contra a medida–, a sociedade española quere maioritariamente (máis do 61 por cento) o regulamento dunhas únions que xa foron matrimoniais na antigüidade e nos primeiros séculos de dominación cristiana.

Asegura John Boswell que os matrimonios entre persoas do mesmo sexo existen desde a antigüidade e, mesmo, nos primeiros séculos do cristianismo. A súa non é unha afirmación lixeira: dedicoulle ó tema varios volumes e anos de estudo, sempre desde a perspectiva do cristián que foi e, por suposto, sempre desde a posición dun activista na defensa dos dereitos dos homosexuais. Os datos de Boswell son atafegantes. En *As vidas da semellanza* (publicado en castelán por Muchnik) ofrécelles ós escépticos máis de seiscentas páxinas de sisudas investigacións e un acopio de testemuños que abranguen desde a Grecia clásica ós albores do século XV, momento clave para datar un radical xiro na xerarquía eclesiástica: comeza a persecución e o acoso do amor homoerótico.

Aínda os más remisos recoñecen que o traballo de Boswell non deixa cabos soltos, tanto na súa documentación do matrimonio homosexual como na aguda análise sobre cómo a Igrexa se foi apropiando da institución, desde os albores do cristianismo, e foina asimilando ó seu ministerio. Pero moito antes de contar coa bendición sacerdotal, o matrimonio xa existía pero non tiña esa vertente estritamente reproductora que consagrrou o Vaticano. Baseábase, iso si, nunha especie de contrato de propiedade e, de feito, as vidas foron un dos grandes negocios das clases altas. No agro galego tamén: moitos esponsais facíanse na infancia para asegurar patrimonios e só se consumaban na maioría de idade. Tampouco eses casorios resultaban igualitaristas: as mulleres eran obxecto de uso sexual por parte dos homes e quedaban baixo a súa posesión e control.

Por fortuna para os contrantes, esta idea de matrimonio evolucionou grazas ás novas cotas de liberdade social, aínda que esas cotas non están totalmente asentadas: un recente (agosto do 2004) informe do Vaticano, confeccionado polo cardeal Ratzinger, establecía o ámbito familiar como o propio da muller e pedíalles ós gobernos medidas harmónicas para que o mercado laboral non lles impidise ás mulleres cumplir co seu deber doméstico.

Para as relacións entre persoas do mesmo sexo existiron varias fórmulas e o cristianismo tamén as bendiciu. Boswell achega –entre outros moitos ca-sos– o matrimonio de Basilio I, gobernador do Imperio bizantino, que se uniu a Nicolás nunha cerimonia eclesiástica. Era unha práctica frecuente, ademais, entre o propio clero, como o matrimonio (século XIII) do diácono Evarigio e o sacerdote Tit, que mantiveron un amor mutuo “grande e sincero, de xeito tal que a intimidade e iluminación do seu amor asombraba a todos”, escribían os cronistas da época. Este tipo de emparellamento foi abolido entre o clero cando tamén se lles prohibiu o casoiro heterosexual.

Está claro que o costume tiña vixencia absoluta nese período medieval, con ceremonias paralelas en moitos sentidos –sublífta Boswell– ás ceremonias heterosexuais: “Tratábase de relacións de natureza persoal entre individuos; entrañaban consecuencias para a familia inmediata comparable ás obrigas e de-reitos dos parentes políticos; eran recoñecidas pola sociedade e respectadas polos descendentes”. Sobre todo, perviviron con más pulo na Europa oriental e entre cristiáns e non cristiáns, o cal “máis tarde complicou a aceptación do fenómeno, posto que a xerarquía cristiána miraba con receo incluso o matrimonio heterosexual cos non crentes”.

A persecución e a prohibición, sen embargo, non as erradicou completamente. Nos misais alemáns dos séculos XVI e XVII introducícese unha ou máis pregarias que o sacerdote le ós *wahlbrüder* (irmáns electivos) na súa voda, unha maneira antropolólica de unir persoas do mesmo sexo. Era unha cerimonia matrimonial con bedicións eclesiásticas, promeses de fe, entrega de regalos e bens compartidos. En Romanía diferenciouse lexicamente a partir do século XV entre o matrimonio heterosexual e o homosexual, xa que o primeiro sometía a propiedade da esposa ó dominio do esposo, de acordo coas carencias legais que tiña a



rdl | 3
Galicia Hoxe 30/09/04



De arriba a abaxo, bicos entre persoas do mesmo sexo en España. Arriba, matrimonio en Madrid. No medio, nunha manifestación en Madrid. Abaixo, saída dunha voda en Sevilla. Na páxina 2, dúas mulleres xuran matrimonio en Estados Unidos. En portada, dúas mulleres no Día do Orgullo do ano 2004 en Santiago de Compostela





muller. No caso dos matrimonios homosexuais, ambos contraíntes tiñan igual rango e ningún podía ser o amo do otro, senón compartir bens.

Tamén están documentados casos de matrimonios entre mulleres. Dábase xa nas Culturas antigas. Francisca Martín-Cano, no seu traballo sobre as sociedades matriliñais, analiza esta institución, "que se establecía por motivos económicos, non por motivos sexuais nin lésbicos". E conclúe: "Isto patentiza que o matrimonio é unha institución que non necesariamente pode estar orientado ás necesidades sexuais. E que a parella heterosexual non é a única que pode socializar os nenos", xa que estes matrimonios compartían a crianza dos fillos. E o historiador André Burguiére, en *Historia de la familia* (Alianza Editorial) engade, "É evidente que estas sociedades [as matriliñais] amosan unha concepción ampla do matrimonio, menos vinculada ás necesidades sexuais dos consortes individuais e más orientada cara ó funcionamento harmonioso da sociedade na súa totalidade".

Na mitoloxía celta tamén existía a tradición do matrimonio entre mulleres. Non é estrafío. Dominik Josef Wölfel, en *Cristo y las religiones de la Tierra* (Editorial Católica) apunta, "Os céltas ofréccennos a proba máis clara de que a península europea antiga tiña unha estrutura matriarcal... A

A IGREXA EN PÉ DE GUERRA

¿Amor falso? ¿Virus?

"Virus" e "moeda falsa" son só dous dos cualificativos empregados pola Conferencia Episcopal española nas últimas semanas para referirse ós matrimonios entre persoas do mesmo sexo e como punta de lanza na súa ofensiva contra as reformas emprendidas polo Goberno de Rodríguez Zapatero para modernizar o regulamento civil español. Até o Papa Xoán Paulo II, cando recibiu en audiencia o presidente español, recriminoule a aprobación deste tipo de matrimonios. A resposta de Zapatero foi que respectaba a opinión da Igrexa pero os seus compromisos co electorado que o levaran á presidencia o obrigaban a proseguir coas súas reformas. Aínda así, Zapatero tivo que escutar unha nova reprimenda da Igrexa católica por boca do arcebispo compostelán, monseñor Julián Barrio Barrio, que na súa homilia do 25 de xullo non pudo evitar desafiar ao presidente e ó propio rei de España, presente tamén nas celebracións do Apóstolo, que en teoría representa a todos os españoles. Desde entón, e coa excepción do cardenal de Sevilla, monseñor Amigo, boa parte da xerarquia eclesiástica foi emitindo periódicas arengas contra o matrimonio entre persoas do mesmo sexo. Entre os más veementes, figura o bispo de Mondoufeo-Ferrol, monseñor Gea Escolano, que alentou a saída ás rúas dos fieis como protesta contra as reformas. Unha reformas, por outro lado, que non obrigan a nadá á Igrexa, xa que o recoñecemento dos matrimonios non mixtos é estreitamente civil.

extraordinaria liberdade da muller nos pobos do resto da antiga Europa fala en favor da hipótese de que un estrato matriarcal máis antigo foi recuperado ou influído por un estrato patriarcal máis recente. [Isto] lévanos ó convencemento de que o estrato patriarcal chegou tardíamente do leste, traido quizás polos indohermanos". Non son poucos os que ven na lei de dereito civil galego do 1995 e baixo a institución da compañía familiar gallega unha fórmula para un mundo de amazonas: mulleres reunidas para a explotación de terras que, como todo o articulado da devandita lei, forma parte dese derecho que xorde ó longo dos séculos; unha norma ao que se volve hoxe na medida en que a súa necesidade se fai patente fronte a un derecho que, por ser común, negaba as nosas peculiaridades xurídicas emanadas do mais fondo sentir do pobo.

E é que, fronte ó acoso, homes e mulleres foron regularmente das súas relacións homoemocionais ou homoeróticas mediante distintos recursos, incluído o irmandamento, témino moi usado na antigüedad que se mantén vivo en certas organizacións comunitarias. A propia Igrexa católica serviu de receptora a numerosos homosexuais, afraídos por dúas razóns: unha, a de que profesando non levantaban sospeitas da súa solteiría; a segunda, precisamente polo "irmandamento", do que o cristianismo se apoderou como

epíteto communal. Proba deste agocho eclesiástico é o escándalo (agosto de 2004) do Seminario católico de Sankt Pölten, en Viena. A Conferencia Episcopal austriaca clausurou tras aparecer nun medio de comunicación as fotografías do vicerreitor do seminario bicando na boca a un dos 36 seminaristas e do reitor coa man na petrina de outro. E ó parecer, nese seminario (onde se encontraron máis de cententa mil imaxes pornográficas nos ordenadores, algunas de pedofilia e bestialismo), a proporción dos afectados á práctica homosexual superaba o cincuenta por cento.

Non todo é sufrimento

Por sorte, non todos os cidadáns se encerraron na escuridá dos cárceres dos seus opresores. Moitos souberon responder ó seu desexo homoerótico e converter ese desexo nun pracer e nun motivo de alegria. A listaxe de persoas que desafiaron o dedo acusador das autoridades (cívicas e eclesiásticas, tan unidas ó longo

da historia) para vivir o impulso do seu amor é enorme. O más recente, revelado a pasado semana, é probablemente unha das mostras más románticas que aparecenos nos medios de comunicación ultimamente: a unión entre os



Gene Robison apreta a súa parella ó ser consagrado bispo anglicano



Dúas mulleres bicanse no Día do Orgullo do 2003 en Brasil

actores Marlon Brando e Wally Cox. No seu testamento, Brando deixou escrito que estrasen as súas cinsas no Val da Morte xunto coas de Cox. El gardábaas desde 1973, cando o seu amigo morreu ós 48 anos dun ataque de corazón. Era unha unión final de dous homes que viviran xuntos durante moito tempo, compartindo cuarto e apartamento, sen que nunca lograran esquecerse.

Os tempos de Óscar Wilde, condenado a dous anos de traballo forzados por exhibir a súa homosexualidade na retorta sociedade vitoriana británica, parece que finalmente van quedando atrás. A súa figura, coma a de tantas outras mulleres e homes que sufrieron a presión, a vergoña e o asasinato, gañou co tempo un significado máis amplio do seren simplemente xenios. Eduardo

Blanco-Amor, Lorca, Cernuda, Gide, Carson McCullers, María Xosé Queizán, Almodóvar, Amenábar, Alan Turing, Navratilova, Safo, Newton, Lawrence de Arabia, Rimbaud, Francis Bacon, Reinaldo Arenas, Foucault, Fassbinder, Brossard, o explorador Richard Burton, Lord Byron, Monique Wittig... A listaxe de persoas que contribuíron ó recoñecemento dos dereitos humanos no ámbito emocional e sexual sería interminable.

Sen embargo, como tal, o movemento de liberación comezou a mediados do século XIX, na Alemaña. En 1965 aparece por vez primeira a palabra "homosexualidade" e catro anos despois "heterosexualidade". A partir de aí, o movemento –impulsado por toda a sociedade, non só as persoas afilia-

das ó homoerotismo– vólvese imparable, no seu combate e nas súas conquistas, algunas realizadas con grandes sacrificios. Alemaña, na primeira parte do século XX, levou a vanguarda, aínda que o movemento atopou numerosos seguidores en Francia e Gran Bretaña. O nazismo encargouse de cerrar as aspiracións: emprendeunha campaña de persecución que levaría a moitos seguidores do movemento ó exilio e, sobre todo, ós campos de concentración e ás cámaras de gas. É unha das crónicas más escura e menos difundida das campañas emprendidas polos nazis contra xudíos, xitanos ou comunistas.

Estados Unidos converteuse, na posguerra, na fonte ideolóxica do movemento, se ben as grandes achegas teó-

EN 73 PAÍSES**Peña de morte**

Un total de 73 países castigan ainda a homosexualidade, en nove deles coa pena de morte, o que provocou que o ano pasado máis de 200 persoas morresen no mundo por ser gays ou lesbianas. 73 países ignoran a homosexualidade, sobre todo a masculina, e en nove deles, todos de relixión musulmán, mesmo se castiga esta orientación sexual coa vida: Afganistán, Arabia Saudí, Chechenia, Emiratos Árabes, Irán, Mauritania, Paquistán, Sudán e Iemen. Tamén morreron 200 persoas pola súa orientación sexual, sendo Brasil, con 130 asasinatos (98 gays, 30 travestis e 2 lesbianas), o país con maior índice de criminalidade homosexual, seguido de México, con 69 casos.

HOMOFOBIA**Baixo presión**

A homofobia non é unhaarma nova: as persoas que aman outras persoas do mesmo sexo soportaron ao longo dos séculos unha presión só comparable á que sufriron as mulleres ou os escravos, co engadido de que as mulleres homosexuais vivían sobre si mesmas unha dobre discriminación: a de seren mulleres e, ademais, homosexuais. Sen embargo, en tanto a represión social, a violencia foi usada con moita maior contundencia contra homes e foron homes –mayoritariamente– os que morreron nos campos de concentración de Hitler, do mesmo xeito que hoxe son os homes os principais obxectivos dos asaltos dos neonazis en Europa, incluída Galicia.

O ACTIVISMO**Colectivos**

Os colectivos de defensa das persoas homosexuais non xurdiron hoxe nin onte, senón a mediados do século XIX, na Alemaña principalmente. Desde entón, percorreron un longo camiño e desafiaron a represión ou a censura para reclamar os seus dereitos. Na actualidade, os colectivos están diseminados por praticamente todas as cidades occidentais e teñen menor presenza en oriente, en parte pola veemente persecución do fundamentalismo islámico. En Galicia, existen grupos en Vigo, A Coruña, Lugo e Compostela, cunha actividade regular que chega ó seu momento máis visible o 28 de xuño, Día do orgullo. En Compostela, a xornada conta co apoio do Concello.

CULTURA**¿Xénero gay?**

¿Existe unha cultura homosexual? A resposta más común é non: existe unha cultura á que os homosexuais lle achegaron a súa força creativa. Desde Da Vinci a Bacon, boa parte dos homosexuais entregáronse á sociedade a través dun ámbito no que era máis fácil desenvolver a súa paixón sen ser levados á fogueira: a creación. Con todo, foron moitos os condenados ou encarcerados, desde Wilde a Lorca, fusilado polo exército do xeneral Franco ó comezar a guerra civil por ser "maricón", como eles fachenderon. A escrita, a plástica, o deseño, matemáticas ou informática son ámbitos onde mulleres e homes homosexuais atoparon agocho no século XX.

ricas se desenvolvén en Francia ou en Canadá. Os anos sesenta marcarían un fito, non só polo desenvolvemento do movemento senón pola augación de alternativas sociais e políticas que se debuxaron nunha década de revolucións. É precisamente nesta década (1969) cando se producen os sucesos do Stonewall, un célebre bar de ambiente homosexual de Nova York. A clientela, ante o acoso policial, armou unha revolta que a policía non puido sufocar e que acabou coa queima do local. O día dos sucesos (28 de xuño) quedou sinalado, xa para sempre, como o Día do Orgullo Gay, punto de confluencia das tendencias, ideoloxías e proxectos do movemento de liberación. O propio térmico gay non é, neste sentido, asumido sen discusión por todos os integrantes da

comunidade, que critican a carga de acomodamento que leva o térmico e o seu vínculo coa sociedade de consumo, que tan ben sabe aproveitar o potencial deste sector do mercado.

Nese magma ideolóxico, a reivindicación do matrimonio entre persoas do mesmo sexo tampouco é homoxénea, se ben nos últimos anos ata as ás más radicais coinciden en non ser belixerantes coa aspiración por considerar que o recoñecemento do matrimonio é achegarse a unha cota de igualdade até agora nunca acadada na sociedade. Por suposto, os reacios son aqueles que desconfian do matrimonio, alicerce dunha orde social que marinou e condonou a homosexualidade amparada en imposicións relixiosas. Para esta corrente, o matrimonio é unha ins-

titución esgotada en si mesma e a inclusión das persoas do mesmo sexo no seu ámbito é unha bombona de osíxeno que eles non están dispostos a darlle.

En calquera caso, todos coinciden en que a nova lexislación ponlle fin a un dogma social: a existencia de amores de primeira (os que teñen unha muller e un home) e amores de segunda (os de persoas do mesmo sexo). A partir de agora, o amor –desde un punto de vista do recoñecemento no seo da sociedade– é igual. Os intereses individuais e sectarios dan paso, opíñase desde estes colectivos, ós intereses xerais da comunidade e os dereitos humanos acadan unha nova cota.

S. Noia e A.R. López



Manifestación no Día do orgullo gay do 2004 na cidade rusa de San Petesburgo

UNHA EXCEPCIÓN NO MUNDO

Pola plena igualdade

As vodas entre homosexuais chegan tras unha ardua batalla legal. Houbó que esperar ata agosto de 2003 para que a ONU anunciara que estaba estudiando conceder os seus empregados con parellas do mesmo sexo semellantes dereitos que os que desfrutan os heterosexuais, o que inclúe acceso a pensións ou seguros de saúde. Este mesmo ano unha maxistrade de Ontario otorgou o primeiro divorcio en Canadá a unha parella do mesmo sexo e determinou que a definición de esposo na Lei de Divorcio do país é anticonstitucional. A parella legalmente divorciada casou pouco depois de que outro tribunal do país autorizase as vodas entre persoas homosexuais en xuño de 2003, por considerar que a definición de matrimonio entre un home e unha muller era anticonstitucional. Supuña non só o primeiro divorcio homosexual ou lésbico de Canadá senón do mundo. A separación significaba que a Lei do divorcio, que era un dos poucos estatutos que necesitaban ser reconsiderados despois de que se gañara o dereito a casar, era modificada para incluir os matrimonios homosexuais. Tras sucesivas decisións xudiciais en Ontario, Québec e Columbia Británica de autorizar as nupcias entre homosexuais en 2003, calcúllase que existen uns 3.000 matrimonios entre persoas do mesmo sexo no país. Massachusetts convertíase en maio desse año no primeiro estado de EEUU en permitir o matrimonio homosexual, seguindo os pasos de Holanda, Bélxica, e as tres provincias de Canadá, os lugares do mundo que admitten estas uniños logrando "a plena igualdade" dos seus cidadáns.

EN ESPAÑA

Un camiño por andar

Só 20 países ou rexións no mundo, entre eles España, dotáronse dunha lexislación específica que prohíbe a discriminación por razón de sexo e só once (entre os que se inclúe as comunidades de Cataluña, Aragón, Navarra e Valencia), promulgaron unha lei de parellas de gais e lesbianas. Segundo un dos últimos informes da Asociación Internacional de Lesbianas y Gays (ILGA) e Amnistía Internacional, España, e por estensión Cataluña, despuntan polos seus niveis de tolerancia e progresismo cara á homosexualidade e só destanacan nos últimos anos episodios "esporádicos" de agresións a homosexuais, en Valencia, Alicante, Xixón e L'Hospitalet de Llobregat. A impronta dun certo integrismo vaticanista sempre fixo mella en España que ata o ano 1995 e da man das reformas da Lei de arrendamentos urbanos ou a propia modificación do articulado do Código Penal, nese mesmo ano, non considera outras relacions fóra da matrimonial. Así introdúcese a expresión "análogas relacions afectivas" que funcionaría dende aquela como caixón de xastre para penar, por caso, os malos tratos ou as lesións en relacions de convivencia que ata entón só o recollían no caso dos matrimonios. Empezaba a haber noticias positivas: dende a primeira condena exemplar díttada en España en marzo de 2000 pola Audiencia de Barcelona pola agresión a un homosexual en Sitges ata o recoñecemento a un transexual de obter a custodia dun menor, caso que levantou as iras da Conferencia Episcopal Española.